

INDICE

Resume.	5
Abstract.	5
1.O proceso de urbanización das vilas.	10
1.1. Desencadenantes e factores de transformación.	11
A.- Desenvolvemento agropecuario e captación de fluxos.	11
B.- Política económica e de ordenación territorial.....	12
C.- Procesos de industrialización endóxena.	13
D.- Migracións de partida e retorno.....	15
E.- Comportamentos sociais e crise da vida parroquial.	16
1.2. Indicadores derivados do proceso.	17
A.- Concentración urbana, despoboación rural.....	17
B.- Urbanización e cambios sociais.	20
C.- Terciarización da base económica.	21
D.- Un desenvolvemento industrial selectivo.	25
E.- Crecemento urbano e expansión edificativa.	31
2. As vilas na organización do espacio.	41
2.1. Situación actual: sistemas comarcais de carácter funcional.	42
A.- As novas comarcas.	42
B.- Diversidade das áreas de influencia.	43
2.2. Tendencias e futuro das vilas e o espacio rural.	47

Resume.

As vilas en Galicia xogan un papel fundamental na organización do espacio, especialmente nas áreas rurais do interior, como primeiros escalóns urbanos.

Dende 1960 experimentaron un intenso proceso de urbanización resultado de intensos ritmos de crecemento demográfico, constructivo e funcional, como resposta a transformacións estruturais profundas que afectaron á economía, sociedade e ó territorio galego.

As áreas interiores da rexión organízanse en subsistemas de asentamentos que dependen para o acceso ó consumo de bens e servizos urbanos, dos núcleos considerados como cabeceiras comarcais.

A poboación destas fluctúa entre os 2.000 e 15.000 habitantes en relación coa área territorial e a expansión industrial. Presentan todas elas nas décadas pasadas coincidencias no seu desenvolvemento:

Accesibilidade espacial, localización de servizos públicos e ser lugares tradicionais de feiras...

Palabras chave: Galicia, procesos urbanos, organización espacial.

Abstract.

The villages in Galicia play a fundamental paper in a spatial organisation, especially in the inland rural areas, as the first urban step.

Since 1960 they experiment an intense process of urbanisation resulting in intensive rhythms of demographic building and functional growth, in response to the profound structural transformations affecting the economy, the society and the Galician territory.

The inland areas of the region organise themselves in subsystems of villages which depend, for access to consumer goods and urban services, on the those villages which are considered prominent districts.

These villages whose fluctuating population is between 2.000 and 150.000 in habitants in relation with the territorial area and industrial expansion, present in past decades coincidental developments.


Its accesible situation on depending areas, its location of public services and be a traditional place for the celebration of fairs...

Key words: Galicia, urban process, spatial organisation.

A hipótese na que se basa a presente análise fundaméntase no plantexamento da sucesión entre os anos 1960 e a actualidade dun intenso proceso de transformación, modificación e modernización das estruturas productivas, económicas e sociais para o conxunto de Galicia. Este proceso, denominado nos ámbitos das ciencias sociais como *proceso de urbanización*, vai incidir de maneira directa non só nas vilas e cidades, como do seu nome parece desprenderse, senón tamén nos espazos rurais que experimentan un cambio e readaptación constante nas últimas décadas. Trátase dunha modificación global, que atende a tódolos campos da vida en sociedade e ós sistemas de organización espacial, que supón a consolidación dunha crecente interrelación territorial campo-vila, onde os axustes e impulsos duns e outros vincúlanse de xeito recíproco.

Nesta secuencia o máis evidente é a concentración de persoas e forza productiva nas áreas urbanas, fronte a unha despoboación, cada vez máis acusada, dos espazos rurais. Si a mediados de século a poboación urbana oscilaba sobre un 20% da total, hoxe está nun 60% (López Taboada, 1996). En contrapartida o rural perde xente. As migracións, as secuelas sobre o crecemento vexetativo da mesma, e nos últimos anos a difusión de novas pautas de comportamento favorables á redución do número de nacementos, orixinan unha falta de vigor humano cada vez máis patente. Nesta dinámica o urbano asóciase en Galicia a dinamismo, crecemento económico, e oportunidades de traballo, centrándose a nivel espacial nos entornos litorais e nas capitales, provinciais e comarcais do interior. O rural, pola contra, é declive, actividades agrícolas e envellecemento, ocupando a meirande parte do interior.

Litoral fronte a interior, concentración fronte a axuste. Así se poden sintetizar os modelos e estruturas territoriais existentes en Galicia tralos cambios derivados deste proceso. Medran en tamaño e funcións as vilas e cidades, mentres as parroquias perden efectivos pola adecuación poboación-recursos productivos. Adecuación, por outra parte, moi necesaria no agro galego unha vez que dentro dun contexto económico aberto débese competir con rexións agrarias máis avanzadas e de maior capacidade de produción.



Fronte á urbanización difusa, á periurbanización ou á metropolitarización litoral, o interior presenta una organización espacial na que se destacan, en primeiro lugar, as capitais de Lugo e Ourense. Son estas cidades medias de 80.000 e 100.000 habitantes respectivamente, onde se localiza un aparataxe administrativo-burocrático importante e toda unha serie de servicios e actividades terciarias de cobertura provincial, xunto a unha modesta base industrial (Lois González e Rodríguez González, 1996). Ás anteriores séguenlle en importancia as diferentes cabeceiras de comarca, vilas, ou tamén pequenas cidades, núcleos que centralizan o radio máis ou menos amplo dunha bisbarra rural á que serven mediante unha oferta de bens e servicios o suficientemente ampla como para cubrir a meirande parte das demandas procedentes dos individuos das súas respectivas áreas de influencia. Poderase dicir que os diferenciais tamaños destas entidades, a súa poboación oscila entre os 2.000 e os 15.000 habitantes, dificulta a consideración como núcleos que desempeñan un mesmo papel no artellamento territorial das áreas interiores. Mais pese a esta importante compoñente de diferenciación interna, coinciden na presentación das súas variables dun evidente proceso de transformación desenvolvido, aínda que cunha diferente intensidade, a partir dos 1960. Así mesmo, adoptan a mesma funcionalidade na estrutura do espazo: centros terciarios onde se cubren as demandas provintes dunha determinada parcela espacial, xeralmente de carácter supramunicipal, unha comarca. En comarcas divídese o espazo rural interior. Son estas verdadeiros subsistemas de asentamentos onde como elementos compoñentes, aparte das vilas, figuran as capitais municipais, de menor rango funcional e forza económica e demográfica, e un incontable número de lugares e aldeas que se espallan polo agro.

As vilas forman unha auténtica rede urbana. Estas poboacións distribúense polo interior a unhas distancias entre os 20 e os 30 Km, unidas polos tramos da rede viaria rexional. A partir delas organízase de xeito radial a disposición das vías de comunicación internas. Son, por isto, os puntos de máxima accesibilidade e centralidade do rural. Encrucilladas e cruces de camiños que xa desde o século pasado desempeñaban un papel de lugar de reunión e intercambios agrarios a partir das feiras. Compróbase a existencia dunha íntima relación entre cada unha destas cabeceiras e o espazo que centralizan, xa que a súa funcionalidade enténdese a partir do papel que desempeñan como centros comerciais e de servicios. Isto convérteas en asentamentos dependentes dos estímulos de desenvolvemento e progreso, medidos en niveis de consumo, provintes do rural. A maior progreso económico rural, maior oferta terciaria nas vilas. Por isto enténdese que nas zoas de montaña, zoas de baixas densidades e ingresos, a talla dos asentamentos líderes das mesmas sexa reducido. Nas bisbarras interiores non montañosas, as agrarias, as vilas adquiren maior presenza debido a que os espazos que centralizan presentan máis poboación e unha maior actividade económica (dentro destas, dependendo do nivel de modernización e desenvolvemento agropecuario acadado, márcanse contrastes entre unhas e outras). Nesta dinámica existe un elemento desentabilizador na secuencia causal: a industria. Esta supón a aparición de estímulos de desenvolvemento propios, independentes do seu marco espacial (exceptuando a rama agroindustrial), que permiten o reforzamento das cabeceiras ata convertilas en pequenas cidades de economía diversificada, nas que se misturan a primoxenia actividade terciaria cos estímulos industriais. Neste plantexamento xeral, sen embargo, identifícanse moi numerosos matices e variacións individuais de cada núcleo particular que dalgún xeito veñen

a relativizar calqueira visión modelizadora dos procesos desenvolvidos nos últimos anos.

1. O proceso de urbanización das vilas.

De xeito tradicional afírmase que Galicia presenta unha rede urbana desartellada pola inexistencia de asentamentos intermedios entre as sete cidades máis importantes e as vilas. Tópase un vacío entre os 80.000 habitantes da máis pequena das urbes e os 15.000 das máis grandes vilas. Neste salto importante considérase que existe un desequilibrio patente entre as cidades grandes, no contexto galego, de Vigo e A Coruña, as medianas de Pontevedra, Ourense, Lugo e Ferrol, e as pequenas, como Sarria, Carballo, Monforte, e outras. A duda a esta lectura de síntesis plantéxase na conceptualización que se realiza de pequena cidade. Para os xeógrafos franceses, unha pequena cidade é só aquel núcleo cunha poboación entre 5.000 e 20.000 habitantes. En España non existe unha definición ríxida, universalmente válida ou polo menos comunmente aceptada como a anterior, e en Galicia menos. Así, ó defender a idea de que as vilas ou as cabeceiras de comarca son pequenas cidades, cunha funcionalidade urbana, unha arquitectura ben diferenciada da rural, uns ritmos dispares nas variables xoeconómicas máis destacables, e unhas dotacións e equipamentos públicos considerables, chégase a cuestionar o anterior plantexamento do desequilibrio. É innegable que dos plantexamentos teóricos ó efecto (sobre todo da regra Rango-Tamaño) despréndese esta conclusión. Mais é evidente a necesidade de reflexionar sobre o as condicións de base que inflúen necesariamente nos modelos estatísticos que se manexan ó efecto. Estes desequilibrios non o son tanto se pensamos no reparto regular das vilas dentro do espacio rexional. Este garante que ningúnha persoa do medio rural se tope a máis de media hora de distancia dunha destas pequenas cidades, podendo satisfacer nelas as súas necesidades e demandas máis inmediatas. Mentres que para as máis específicas xa é necesario desplazarse ás maiores que, tamén, é raro que se atope a máis dunha hora de distancia.

A situación de privilexio que presentan as vilas parte, nalgúns casos, dun rico pasado histórico onde xa levaban a cabo funcións de dominio territorial, centros monacais e de residencia nobiliaria sobre todo, que mantiñan como característica común unha posición estratéxica en rutas de comunicación nas que se podían levar a cabo intercambios económicos. Este último aspecto, ocasiona que en encrucilladas de camiños se celebren feiras, e que ó seu amparo comence a desenvolverse unha base comercial, artesán e de servizos estable, xermen de moitas delas. Ademais, a compartimentación territorial que se leva a cabo na primeira metade do século pasado supón a aparición dunha figura de vital importancia, os Partidos Xudiciais. Cada un destes correspondíase cun número limitado de municipios que dependían xudicialmente dunha capital. O paso dos anos e a forza coa que calaron estas divisións pon de manifesto como moitas destas, e sobre todo a elección dos seus centros, son unha das claves máis significativas para comprender á formación da actual organización comarcal dos espazos interiores (González Mariñas, 1994).

Agora ben, pese a estes impulsos iniciais, o salto de aldeas grandes a pequenas cidades experimentase a partir dos anos 1960 coa conxunción dunha serie de factores

que de xeito conxunto inciden no seu desenvolvemento e crecente urbanización. É necesario ter en conta, como elemento explicativo básico, a evolución experimentada polo contexto económico xeral, que dunha situación marcada pola autarquía nos intercambios, a autosubsistencia e o estancamento urbano, pásase a outra onde se xeralizan e amplían os fluxos comerciais, e medran de xeito rápido as cidades. Neste senso é posible diferenciar entre os factores desencadenantes, ó menos para as pequenas cidades, e os indicadores que se derivan do proceso.

1.1. Desencadenantes e factores de transformación.

Neste proceso vanse conxugar factores de carácter “macro” que afectan ás estruturas territoriais e económicas preexistentes, e factores “micro” vencelladas á singularidade de cada vila en concreto. Respecto ó primeiro aspecto, o estrangulamento ó que estaba sometido a economía nacional desde a postguerra polo aillamento e a política autárquica seguida, ráchase coa posta en marcha do chamado *Plan de Estabilidad* no 1959. A partir de aquí sucédense unha serie de circunstancias que supoñen un forte crecemento económico que reinvirte nun parello proceso de modernización da sociedade e a economía. A máis transcendental vai ser a inserción dentro dun sistema de intercambios de mercado de corte capitalista que supón a multiplicación das transaccións monetarias. O estado adopta unha vertente intervencionista e a través de diferentes estratexias fomenta a industrialización, e conseguinte urbanización das cidades. No rural intervéñ de xeito indirecto mediante a adecuación infraestructural con milloras no suministro eléctrico, nas carreteras, etc,... Impúlsanse políticas sociais e asistenciais, sendo o caso máis significativo a xeralización das pensións por velez. E, tamén, o aperturismo e a industrialización urbana nacional supón a posibilidade para moitas persoas do rural de saír á emigración coas improntas que este feito supón. Xunto ó “macro”, o “micro”: localización de cada vila, desenvolvemento agropecuario de cada comarca, existencia, ou non, de procesos de industrialización endóxena, niveis de investimento dos emigrantes,... xeralizan un rápido crecemento das funcións, o espazo e a poboación das vilas comarcais.

A. Desenvolvemento agropecuario e captación de fluxos.

A modernización e transformación agropecuaria incide de modo evidente no desenvolvemento urbano das cabeceiras. Pártese dunha situación caracterizada pola pervivencia dunha agricultura tradicional, autoconsumista, na que non se xeran excedentes comercializables, nin se levan a cabo transaccións comerciais. O campesiño carece de capital líquido e as explotacións son cativas e conservan arcaicos métodos e ferramentas de cultivo. Esta situación debíase á inexistencia dun mercado urbano, interno ou externo, capaz de absorber os alimentos suficientes como para favorecer un proceso de comercialización. E, tamén, a que as propias unidades familiares víanse obrigadas a levar a cabo estratexias de autoconsumo polo elevado número de membros de cada unha delas, pois estase ante unha fase de forte crecemento vexetativo na que a válvula de escape migratoria aínda non era posible, e a inexistencia de mecanización

implicaba a necesidade de moito traballo humano que só era factible ofrecer cun importante número de brazos propios.

O proceso de transformación desta situación sucédese a partir da ampliación dos mercados urbanos e da demanda suscitada. Aquí prodúcese un detonante de cambio moi forte. As cidades medran gracias ó exódo rural (éxodo completado coa poboación que se dirixe a Europa). Este crecemento xenera unha demanda. A existencia desa demanda supón unha reacción da posible oferta que buscará producir os alimentos suficientes para abastecer á poboación urbana. A posibilidade da apertura de novos mercados xunto á potencialidade para a produción de materias primas agropecuarias atrae a grupos empresariais multinacionais que impulsan procesos de axuste e produción, ou permite a consolidación de industrias propias. A necesidade de aumentar a produción, nun momento no que á vez redúcese a man de obra campesiña supón a introducción masiva de maquinaria e outros insumos para incrementar a produtividade, e tamén ocasiona unha especialización productiva. E así éntrase nunha dinámica de axuste e cambio progresivo onde a actividade primaria cambia radicalmente a súa orientación. Xa non se traballa para comer e automanterse, agora pásase a traballar para vender no mercado e obter un montante líquido que se utiliza na compra de insumos e no consumo propio.

Este cambio fundamental posibilita a consolidación das cabeceiras de comarcas como centros terciarios de abastecemento ás áreas rurais. A multiplicación da capacidade monetaria do campesiñado incrementa notablemente a súa potencia de consumo. Isto da como resultado a formación ó longo destes anos dun aparataxe comercial e de servicios no que os habitantes do agro satisfán aquelas demandas derivadas da propia actividade (compra de maquinaria, talleres, almacéns agrícolas,...) e de consumo propio vencelladas á elevación do nivel de vida (vestido, electrodomésticos,...). Tamén á formación dun sistema agroindustrial impulsa o seu desenvolvemento urbano ó localizarse algunhas fábricas nelas e xerarse empregos industriais e no sector servicios. Ademais, co incremento da circulación monetaria pónense as bases para pequenos procesos de acumulación de capital que se reorientan hacía posibles industrias, a construción e outras funcións. Por último, a necesidade continuada dos campesiños de acudir ás vilas (arranxo de papeis na Extensión Agraria, negociacións con provedores,...) contribúe a reforzar a súa centralidade.

B. Política económica e de ordenación territorial.

A partires dos anos centrais do século no conxunto do Estado vanse poñer en marcha unha serie de estratexias de política económica de forte transcendencia e repercusión na actual organización espacial. Perseguían as mesmas cimentar un proceso de desenvolvemento económico e de incremento do benestar social que afectará, transformará e modernizará de xeito global todo o territorio nacional. Unha das accións importantes levadas a cabo é o inicio dos “Polos de Desenvolvemento” durante o chamado “período desarrollista”. A súa implantación en Galicia vai ser fundamental para entender o trazo das liñas mestras da actual estrutura do territorio ó potenciar a concentración nas áreas urbanas do litoral, afectando tamén de xeito moi importante, aínda que indirectamente, ó interior. Débese ter en conta que o crecemento de Vigo e A Coruña, cidades beneficiadas pola localización de sendos Polos, durante os anos 1960 e 1970 fíxose á costa de recibir un importante continxente humano procedente do éxodo rural, co que se

acelera un dos caracteres máis destacados do agro galego: a acusada perda de poboación.

Repercusión xa directa sobre o desenvolvemento das vilas adquire o III Plan. Nel víranse os programas de intervención desde a concentración anterior cara unha óptica máis descentralizada na que se persigue unha vertebración territorial integrando as políticas sectoriais urbanísticas e económicas (Rodríguez Sáiz e outros, 1986). Lévanse a cabo deste xeito dúas liñas de actuación que de xeito parello favorecen o crecemento urbanístico e funcional das cabeceiras:

- a.- *Creación da Gran Área de Expansión Industrial de Galicia (G.A.E.I.G.).* Esta afecta tanto a concellos litorais, como interiores que manteñan como característica común estar dotados de pequenos núcleos urbanos de carácter comarcal (Sequeiros Tizón, 1986). A G.A.E.I.G. supón a localización de infraestruturas productivas básicas, polígonos industriais, e beneficios fiscais, polo que aqueles beneficiados (Lalín, O Carballiño, O Barco,...) adquiren un importante desenvolvemento nas últimas décadas.
- b.- *Descentralización administrativa e de servizos públicos.* Baixo un plantexamento no que se busca vincular a difusión do desenvolvemento socioeconómico á rede urbana, selecciónanse unha serie de núcleos nos que localizan diversas dotacións e equipamentos para ofrecer cobertura a unha área de carácter supramunicipal. Tal circunstancia supón un reforzamento funcional e da súa centralidade, así como un importante paso para a fixación dunha comarcalización funcional baseada nas áreas de influencia destes servizos. Á elección chegouse trala análise realizada por Casas Torres (1973) onde se establecen un listado dos núcleos máis axeitados para acadar os obxectivos perseguidos, figurando a meirande parte das vilas interiores que se converterán en puntos receptores de servizos públicos.

Por outra banda nas últimas décadas asístese a unha progresiva intervención por parte dos sucesivos gobernos no acondicionamento e mellora infraestructural. Millóranse as carreteras principais e as vías secundarias, multiplícase o tendido eléctrico, difúndese o teléfono, sanéanse lugares, fanse traidas de auga,... e todo isto en conxunto supón unha considerable revalorización do escenario básico sobre o que os axentes económicos deben desenvolver a súa actividade.

C.-Procesos de industrialización endóxena.

Ademais de centros terciarios algunhas vilas do interior, non todas, presentan na actualidade un destacado sector productivo industrial. O proceso que tivo lugar nelas responde ó modelo definido como endógeno por investigadores diversos, que, como é sabido, baséase na mobilización dos recursos propios cos que conta cada territorio. En diversas pequenas cidades e enclaves rurais identifícanse experiencias empresariais deste tipo, desconexas entre si e que, polo menos no caso galego, xurden de modo espontáneo a partir dun detonante circunstancial. A raíz da interpretación de cada proceso particular, e da búsqueda das posibles similitudes existentes entre os casos, chégase por parte dos analistas á formulación dun modelo interpretativo que tenta modelizar as diferentes experiencias existentes. Normalmente apélase a unhas circunstancias básicas

de partida e á posterior coincidencia espacio-temporal de varios factores que fomentan e posibilitan a súa aparición.

A consolidación desta actividade é recente no tempo. Ata a segunda metade do século só se podía identificar un sector artesán diversificado para atender ás necesidades máis básicas da poboación local. A partir de aquí iníciase un proceso no cal vanse conxugar circunstancias “macro” con outras de carácter “micro”. As primeiras asóciase á crise do modelo de industrialización fordista (baseado no gran complexo industrial integrado), substituído polo chamado de acumulación flexible ou descentralizado que se sustenta na PEME como vehículo máis dinámico de produción industrial e na difusión espacial da propia capacidade productiva. O rural galego, insertado nesta dinámica global, sen embargo, sustenta o desenvolvemento industrial na mobilización dos recursos propios, sendo mínima a implantación de industrias esóxenas, como si ten acontecido noutras áreas rurais nas que se teñen estimulado procesos de desenvolvemento industrial (tal é o caso do oeste de Francia).

O salto do pasado artesán á situación actual que se identifica nalgunhas cabeceiras ven motivado polo efecto “detonante” que case sempre relaciónase coa existencia dun entorno local favorable e a presenza de emprendedores que nun momento inicial rachan coas estruturas productivas previas, xerando posteriormente un efecto de arrastre sobre outros futuros empresarios.

Según Méndez Gutierrez del Valle (1996) a dependencia do entorno local axuda a entender a desigual capacidade mostrada polos territorios para xerar iniciativas empresariais. Neste sentido ten gran transcendencia a existencia dunha estrutura espacial na que se conte cun tecido de pequenas e medianas cidades que favorezcan a aparición e distribución de funcións urbanas diversas (comercio, servizos financeiros e administrativos, infraestruturas de carreteras, equipamentos colectivos,...). Esta particularidade, que se da no espazo rexional, complementase cun enfoque comportamental relacionado con motivacións psicolóxicas que levan a que nun momento concreto os individuos poñan en marcha iniciativas industriais (case a totalidade das empresas son de carácter familiar), substituíndo os sistemas de produción artesanais. Entre os criterios que axudan a comprender esta actitude pioneira, que si é exitosa rapidamente vai ser copiada por outras persoas dando lugar á formación de áreas de especialización productiva, destácanse o coñecemento do medio e do propio sector (tradicción artesán) que permite minimizar a incertidumbre a medio prazo e estimular a asunción do risco. É importante tamén a percepción dos emprendedores da existencia dun mercado potencial que demanda os seus produtos. Non se debe esquecer, neste senso, que a meirande parte dos procesos identificados nas vilas galegas despuntan nos anos 1970, nun período no que se asiste a un incremento da demanda (motivada pola elevación dos niveis de renda e consumo), coincidente cun vacio industrial que posibilitou o éxito de aqueles emprendedores que adoptaron a iniciativa de cambiar as lóxicas productivas artesanais por protoindustrias, experimentando nos últimos anos procesos de forte dinamismo baixo correctas xestións empresariais.

Ambas circunstancias para posibilitar o desenvolvemento industrial combínanse coa existencia de recursos diversos:

- a.- *Naturais*, fundamentais en procesos como o centrado na transformación e manipulación da pizarra (Valdeorras e Quiroga), e aqueles vencellados co sistema agroalimentario, aínda que non é circunstancia “sine qua non” para outros moitos casos.
- b.- *Humanos*, pódese diferenciar, en primeiro lugar, entre a man de obra, abundante e barata procedente dos excedentes dunha actividade agraria en reconversión, (fundamental para ramas produtivas como o textil). Isto permite obter maiores márxenes de beneficio e maiores taxas de reinversión. E, en segundo termo, a existencia de emprendedores ou potenciais empresarios que movilicen e xestionen o proceso.
- c.- *Financeiros*, os investimentos fundaméntanse nunha contínua reutilización dos beneficios e na chegada de capitais procedentes da emigración e da actividade agropecuaria.
- d.- *Locacionais*, sendo moi importante a localización das empresas en puntos accesibles, asociados a vías de comunicación importantes que favorecen os contactos económicos e fluxos informativos.
- e.- *Culturais*, consolídase un clima social onde existe unha reciprocidade mútua traballador-empresario. Tense como positivo o feito de crear emprego e riqueza, e hai unha gran vinculación afectiva do empresario respecto a súa comunidade.
- f.- *Entorno*, as vilas galegas nas cales hai un sector industrial importante asóciase a entornos agrarios produtivos que sirven de colchón económico ante crises laborais, posibilitan soldos baixos (complemento) e ofrecen materias primas ó sector agroindustrial.

Os núcleos con carga industrial individualízanse pola presentación duns índices de crecemento nas súas variables xeoecómicas básicas (tamaño demográfico, actividades económicas, edificación,...) máis fortes e intensos que aqueles outros onde a única funcionalidade é a de ser centros terciarios das áreas rurais circundantes.

D.- Migracións de partida e retorno.

A emigración é un dos temas fundamentais que sempre, dun ou doutro xeito, aparece recollido nas diferentes ramas das ciencias sociais. É tamén un dos máis apai-soantes, explicando moitas das claves interpretativas da estrutura territorial e demográfica da Galicia actual.

A intensa perda de poboación que supón o éxodo rural a partir dos anos 1960 xustifica os altos índices de avellentamento e o afogamento humano de moitos dos concellos do interior. Dentro deste entorno tópase un número limitado de asentamentos, as vilas cabeceiras, que experimentan unha dinámica á inversa, convertíndose en pequenos focos locais de inmigración. Estas reciben un bo número de desplazamentos individuais, aínda que non coa intensidade suficiente como para manter os niveis de ocupación do propio termo municipal e os seus entornos próximos. O feito de converterse en núcleos inmigratorios é, á vez, causa e consecuencia do progreso socioeconómico que experimentaron desde os anos 1960, incidindo tanto na súa diversificación funcional, como no reforzamento do seu papel dentro da organización do espazo.

Dentro da tendencia inmigratoria pódense diferenciar dúas correntes. En primeiro lugar, nas últimas décadas consolídanse novas actividades nos servizos, na industria e na construción dentro do que son as cabeceiras de comarca. Esta circunstancia posibilita a recepción de persoas procedentes das aldeas próximas que pasan a ocuparse nestos sectores. Pódese considerar isto como un éxodo rural interno. En segundo termo, topámonos cun factor fundamental na secuencia de desenvolvemento urbanístico das vilas rexionais: o retorno dos emigrantes. O proxecto migratorio dos galegos pasa sempre pola intención de regresar ó lugar de partida. Esta situación, fundamentada en motivacións culturais e sociais, inflúe de xeito decesivo, en tres aspectos:

- a.- *Nivel demográfico*, cando o emigrante retorna non o fai á parroquia de orixen, senón que tende a pasar a residir na vila máis próxima, co cal se incrementan os seus efectivos humanos. Isto débese a que existe unha percepción onde a aldea, o rural, asóciase a atraso, mentras as vilas e o urbano, adopta unha significación de progreso. Ademais é corrente que na unidade familiar teña quedado un irmán co cal, co paso dos anos e coa formación dunha familia nova pérdense os lazos afectivos iniciais.
- b.- *Nivel edificativo*, polo anterior prodúcese un incremento da demanda de construcións urbanas, potenciándose o sector constructivo como pilar económico local (invístese na construción tamén por que é unha actividade cunha alta taxa de seguridade e rendabilidade)
- c.- *Nivel funcional*, os investimentos dos retornados serven de estímulo para a posta en marcha de diversos negocios terciarios de non elevada cualificación (hostelería, servizos persoais,...). Isto reforza a centralidade das vilas e serve de estímulo á construción, e en menor medida para a industria ó ser esta unha actividade arriscada e que esixe fortes investimentos de capital.

En base a isto o retorno, físico e financeiro, dos emigrantes é un pilar básico de gran transcendencia no reforzamento da funcionalidade, a centralidade e a talla urbana das vilas cabeceiras das comarcas interiores do país.

E.- Comportamentos sociais e crise da vida parroquial.

O proceso de urbanización que afectou ó territorio galego na segunda metade deste século, ademais de ter unha evidente plasmación espacial e supor unha transformación dos activos productivos, introduce de forma parella e completamente necesaria, novas pautas de comportamento e esquemas de racionalización que dan como resultado un novo modelo social. A súa incidencia vaise deixar sentir tanto na poboación plenamente urbana, como naqueles residentes dos espazos rurais. Neste senso, dun marco de relacións sociais pechado, que se reducía ás dúas ou tres parroquias máis próximas, e que só de xeito esporádico (feiras e festas) se rachaba, pásase a outro máis amplo caracterizado polo seu aperturismo, e polo incremento dos contactos humanos que teñen como lugar de referencia ás vilas (Lois González e Rodríguez González, 1994).

Tal circunstancia está vencellada ó desenvolvemento urbano das cabeceiras xa que acentúa o papel que estas, pola súa centralidade e funcionalidade, xogan no espazo. A esta secuencia de cambio chégase a partir da conxunción paulatina de moi diversas variables e motivacións interconectadas entre sí. Entre as máis destacadas está a multiplicación das informacións que recibe o individuo, especialmente a través dos grandes

medios de comunicación de masas. Aínda que, quizais, a máis destacada sexa o incremento importantísimo da mobilidade da poboación campesiña. Neste incremento interveñen factores como a mellora da rede de comunicacións interna ou o acceso ós transportes individuais a partir do aumento da capacidade adquisitiva. As motivacións, por outra parte, vanse vencellar ás propias necesidades derivadas das novas estruturas productivas que se introducen no agro (o campesiño terá que desplazarse á vila para a compra dos inputs da explotación, negociar un crédito, buscar asesoramento,...). E tamén polo cada vez máis forte consumo dos servizos que se concentran nas vilas, tanto públicos (ensino, sanidade,...), como privados (comercio, xestorías,...).

A conxunción das anteriores variables suporá un incremento notable dos contactos humanos, unha apertura do propio círculo de relacións, un cambio na mentalidade dos individuos e, por suposto, un reforzamento da centralidade das vilas que se convirten nas cabeceiras funcionais das áreas rurais.

1.2. Indicadores derivados do proceso.

Xunto ós anteriores elementos de transformación, identifícanse desde os anos 1960 unha serie de cambios nas variables básicas que afectan ás vilas e ós espazos rurais que mostran un innegable e acelerado proceso de urbanización. É este un proceso global, de incidencia directa nas estruturas territoriais, productivas e sociais, que se vai caracterizar pola ruptura e o cambio de tendencia dos índices demográficos, económicos, funcionais e arquitectónicos de maior significancia. Neste senso móstrase a continuación a particular evolución que van experimentar os pequenos núcleos urbanos do interior galego, identificativa da incidencia que sobre os mesmos introduce a secuencia de cambio experimentada.

A.- Concentración urbana, despoboación rural.


Os datos de poboación de calquera asentamento ou territorio presentan ventaxas de interés dentro das análises sociais, sendo indicadores que sintetizan o particular grao de desenvolvemento de cada un. Chégase á conclusión de que un espazo que perde poboación é un espazo en crise, incapaz de ofrecer os suficientes recursos como para soste-la súa carga demográfica. Mentres, os que ganan efectivos humanos, serán áreas dinámicas favorecidas pola conxuntura particular dun momento determinado. Nas comarcas do interior plantéxase, deste modo, unha dualidade entre uns espazos agrarios que paulatinamente se despoboan durante as últimas décadas, e unhas vilas que contrariamente incrementan a súa talla demográfica.

Respecto ó volumen poboacional tópase unha oscilación entre os pouco máis de 1.000 habitantes das vilas situadas nas áreas de montaña, e ós máis de 10.000 de As Pontes ou Monforte. Tal amplitude, como xa se dixo, pode plantexar problemas á hora de agrupar dentro dunha categoría similar a núcleos de tan diferente talla. Mais a súa inclusión e categorización como vilas comarcais estriba na funcionalidade que presentan como núcleos centrais das áreas rurais.

Según este índice pódese establecer unha diferenciación básica, que se reproducirá de modo paulatino en case que tódolas variables manexadas, que é a seguinte:

- a.- *Vilas de montaña*. Como o seu nome indica sitúanse nas Serras Orientais e no espazo central ourensán. Contan cuns volúmenes de poboación entre os 1.500 e os 2.000 habitantes. O seu ritmo evolutivo entre o 1960 e 1991 ten sido positivo en máis dun 10%, contrastando coa tremenda despoboación dos entornos circundantes (en conxunto a poboación das súas comarcas perde preto dun 50%). Son practicamente os únicos lugares que ganan poboación nas últimas décadas debido ó reforzamento que experimentan como puntos nos cales se desenvolve un mínimo aparataxe terciario, especialmente comercio e servizos públicos, para atención das demandas inmediatas das persoas das súas áreas de influencia.
- b.- *Vilas dos espazos agrarios*. Con respecto ás anteriores presentan diferenzas substanciais encanto ós seus volúmenes demográficos, máis elevados, e o seu encastramento territorial, xeralmente en comarcas nas que se ten producido unha modernización e especialización agropecuaria. O tamaño medio está xa nos 3.000 individuos, os ritmos de crecemento entre as datas de referencia son superiores ó 30%, e a perda de poboación campesiña redúcese a un tercio. Esta situación débese, sen dúbida, ós efectos inducidos pola mellora da actividade primaria, especialmente pola monetarización campesiña e a multiplicación dos fluxos económicos. Pola súa parte manteñen un papel similar no que é a súa funcionalidade na organización do espazo
- c.- *Vilas de economía diversificada*. Estas son as de maior talla urbana do interior galego, sempre máis de 5.000 habitantes. Nelas conxúganse dous estímulos de desenvolvemento: o feito de ser núcleos centrais de bisbarras nas que se conta cun sector agropecuario conectado ós círculos comerciais e contar cunha base industrial, xeralmente de carácter endógeno, que posibilita un incremento urbano respecto ás anteriores. Por isto os ritmos de variación entre 1960 e 1991 rozan un incremento do 75%, e impiden o vaciamiento humano do seu rural próximo (as súas bisbarras decrecen só nun 20%).

Evidentemente, e tal como se pode apreciar na cartografía adxunta, dentro da anterior tipoloxía é posible establecer matices dentro daquelas vilas integradas nun ou noutro subgrupo en función da conxunción de circunstancias individuais e do diferente grao de adaptación á conxuntura cambiante derivada do proceso urbanizador. Así nas de economía diversificada, por exemplo, todas elas, agas Monforte, teñen un incremento porcentual superior ó 75% desde 1960 (esta última está sumida nun estancamento socioeconómico vencellado á crise local do sector ferroviario). Mentres As Pontes (que liga a súa secuencia de crecemento á implantación de Endesa) ou Lalín, Verín e O Barco (pola consolidación de respectivas áreas de especialización productiva industrial moi dinámicas) presentan valores superiores a un 400%. Igualmente as cabeceiras de montaña experimentan incrementos demográficos moi pequenos nas últimas décadas, xeralmente por debaixo do 25%, coa excepción de casos puntuais como Becerreá (efecto inducido do paso da N-VI), ou Quiroga (consolidación dun aparataxe industrial asociado á extracción e transformación da pizarra).



O sustento da tendencia alcista radica, por unha parte, na presentación duns saldos naturais positivos, pero que son, sen embargo, incapaces de xustificar os importantes ratios de crecemento humano. Entra en xogo outra variable asociada ós fluxos migratorios, convertíndose as vilas cabeceiras en modestos focos inmigratorios dentro dun espazo rural caracterizado, precisamente, por todo o contrario. Así a chegada de persoas das áreas rurais próximas que pasan a traballar e residir nas vilas, e a recepción de emigrantes retornados, convértese no principal factor que explica os ritmos alcistas dos últimos anos. Isto da como resultado que a proporción de non nados no propio concello en moitas vilas oscile ó redor da metade dos residentes (Xinzo, 54,4%; Viana do Bolo 42,5%,...). Pola contra, tódolos asentamentos rurais arrojan índices de decrecemento moi acusados derivados da saída de poboación vía migratoria e nos considerables desequilibrios que este fenómeno introduce nas estruturas demográficas (avellentamento, taxa de masculinidade,...).

B.- Urbanización e cambios sociais.

O proceso de urbanización suporá, tamén, o inicio dunha transformación social e cultural. Nun periodo temporal reducido os comportamentos demográficos máis significativos dos grupos humanos (natalidade e mortandade) cambian por completo. Circunstancia que xunto ás improntas dos movementos migratorios, dan como resultado unhas estruturas contrastadas.

EVOLUCIÓN DAS VARIABLES DEMOGRÁFICAS BÁSICAS. (PORCENTAXES EN TANTOS POR MIL)

	MORTANDADE		NATALIDADE	
	<u>1960</u>	<u>1991</u>	<u>1960</u>	<u>1991</u>
VILAS	15,9	10,3	7,9	6,6
ESPACIOS RURAIS	15,8	7,9	8,9	9,4

Fonte: Rexistro Civil.

Esta transición é moi evidente na natalidade. A súa redución, espectacular nas últimas décadas, leva a Galicia a ser un dos espazos da U.E. cunha máis baixa taxa. Esta vincúlase a dous aspectos principais:

a.- Divulgación entre os habitantes das vilas de novos sistemas de valores e esquemas de racionalización colectiva, xerais en tódalas sociedades urbanas, nos que se prima a redución do número de fillos por muller (acceso da muller ó mundo laboral, perda de privilexio da relixión, retraso do matrimonio,...).

b.- Pérdida de poboación xoven e grandes desequilibrios demográficos como consecuencia da forte pegada da emigración nas familias do campo.

No tocante a mortandade experimentase unha situación na que as áreas rurais, tanto no 1960 como no 1991, teñen uns índices superiores ás vilas cabeceiras. Parroquias e aldeas van sufrir con moita forza o impacto migratorio (perda directa de habitantes e avellentamento demográfico), mentres nas vilas prodúcese a situación inversa ó

ser pequenos focos inmigratorios, dándose a paradoxa que pese a que nestes últimos anos aumentan o número de defuncións, sen embargo a taxa aminora a causa da chegada de poboación exterior. O resultado evidente desta secuencia é un progresivo avellentamento dos colectivos demográficos, moito máis acusado no rural que nas vilas, aínda que nestas últimas pásase dunha media de 7,7 persoas maiores de 65 anos por cada cen, a outra de 16,4 que máis que dobra á anterior.

C.- Terciarización da base económica.

Polo papel fundamental que desempeñan as vilas como centros terciarios non é de extrañar a súa forte terciarización. Como indicador significativo desta situación está o 67,2% da poboación activa empregada no sector que presenta como media o seu conxunto. Esta porcentaxe evidencia a razón de ser das cabeceiras e o papel que desempeñan dentro da organización espacial, aínda que, evidentemente, é posible topar valores diferenciais nestes asentamentos, significativos da existencia, ou non, de actividades industriais. Por isto os centros de economía diversificada, onde os procesos de industrialización endóxena foron moi fortes, presentan un número relativo menor de activos dos servizos debido á oferta de emprego secundario (nalgún caso a redución é forte: As Pontes 36,4%, O Barco 51,3%,...)

PORCENTAXES DE POBOACIÓN ACTIVA DAS VILAS EMPREGADA NO TERCIARIO. 1991

DE MONTAÑA	72,4
DE ESPACIOS AGRARIOS	70,8
ECONOMÍA DIVERSIFICADA	64,1

Fonte: Censos Municipais de Poboación

A terciarización da base económica ten unha dobre incidencia. Por unha parte convérteas nos puntos fortes do espazo rural, sendo referentes centrais dunha serie de subsistemas de asentamentos que se forman a partir da intensidade de atracción que cada vila exerce sobre as poboacións do seu entorno. Esta situación permite que se consolide unha estrutura territorial en base a comarcas funcionais que se corresponden coas áreas de influencia terciaria de cada cabeceira. Por outra banda, a multiplicación e diversificación dos servizos supón a aparición de novas actividades, de novos empregos e, en definitiva, xustifica parte do desenvolvemento urbanístico dos pasados anos.

Nesta dinámica o comercio minorista acada un protagonismo esencial. Como término medio estes núcleos contan con 221 licencias da función, que respecto ás 100 que tiña no 1960 supoñen un incremento porcentual superior ó 100%. Coas lóxicas diferencias en función da diferente talla de cada vila, obsérvase como a expansión da actividade comercial acada valores porcentuais de incremento entre 1960 e 1991 sempre superiores ó dos propios habitantes. Isto quere dicir que o aumento dos puntos de venda é superior ó dos potenciais clientes. Máis aínda, tendo en conta a poboación das respec-

tivas comarcas é moi evidente a diferencial secuencia existente entre un espazo rural, que paulatinamente perde poboación, e unhas vilas centrais (recordemos o seu carácter de lugar no que se satisfacen as demandas provintes das áreas rurais) que multiplican a oferta comercial destinada á cobertura das necesidades dos anteriores.

ANÁLISE COMPARATIVA DA EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DAS VILAS E AS SÚAS COMARCAS EN RELACIÓN ÓS ESTABLECEMENTOS MINORISTAS, 1960-91

	LICENCIAS	POBOACIÓN	
	MINORISTAS	VILAS	COMARCAS
DE MONTAÑA	59,6	26,9	-45,3
DE ESPACIOS AGRARIOS	89,2	33,4	-33,4
DE ECONOMÍA DIVERSIFICADA	165,4	93,3	-22,6

Fonte: Nomenclátore de Poboación, Matrículas Industriais de 1960 e Listados I.A.E. de 1991

Esta situación é explicable no marco dun proceso de monetarización das economías campesiñas que se traduce nun notable incremento da capacidade de demanda individual. Incremento que, a nivel comercial, máis que compensa as perdas demográficas e posibilita a multiplicación das unidades comerciais. Pódense citar varios factores que, de xeito interrelacionado, favorecen esta nova situación:

- a.- Especialización e introducción da actividade agropecuaria nos círculos de mercado (capitalización da economía campesiña e multiplicación do consumo familiar)
- b.- Difusión de empregos secundarios e terciarios nos territorios rurais
- c.- Introdución de capital a partir das remesas de emigrantes e do efecto subsidiador das pensións.

Por outra banda, nesta secuencia de cambio comercial vaise identificar unha adecuación da estrutura puramente comercial ó novo modelo social resultante do proceso urbanizador. De 1960 a 1991 certas ramas desta actividade experimentan transformacións profundas, outras simplemente desaparecen, mentras outras moitas xurden neste intre. A evolución enténdese nunha vocación de especialización e mellor atención dunhas demandas cambiantes, cada vez máis esixentes e diversificadas, que potencian o desenvolvemento do sector. As ramas máis tradicionais perden protagonismo (os locais de venda de produtos de alimentación e de textil pasan nas datas de referencia de significar un 70,4% dos totais a ser só un 47,2%) fronte ós establecementos vencellados ás novas demandas (artículos do fogar, produtos agrarios, materiais de construción,...)

Xunto ó comercio as vilas son tamén referente dentro do espazo rural á hora de analizar a distribución dos servizos. Tanto os públicos como os privados buscan na súa localización conquistar unha serie de ventaxas ou cumprir determinados obxectivos, que se van acadar de modo máis doado nas cabeceiras de comarca pola súa maior centralidade e accesibilidade.

A amplitude da concepción que conleva o término *servicios* integra desde tarefas financeiras á hostelería, ou ás atencións persoais. Respecto ás primeiras obsérvase nas vilas un notable incremento das delegacións das entidades crediticias (de 78 en 1960 a 289 en 1991), situación que recalca a idea da monetarización das economías campesiñas. Isto refórzase coa chegada de capitais externos (remesas e pensións) e a multiplicación de empregos non agrarios. Isto significa unha regularización das transaccións económicas e a adopción dun crecente protagonismo na vida cotiá por parte destas oficinas, ás que é necesario acudir habitualmente (negociar os créditos, cobrar as nóminas e pensións, recoller os pagos do leite, realizar transferencias,...)

A hostelería tamén aumenta a súa presenza ata converterse nunha das actividades máis características. En calqueira das vilas galegas ímonos topar cun inxente número de bares, cafeterías e similares, cunha lectura de claro incremento numérico (as licencias aumentan en máis dun 100% nas datas referenciadas) por dous aspectos principais:

- a.- Facilitade para a súa posta en funcionamento ó ser un negocio que nun principio non require dunha gran especialización, sendo impulsado fundamentalmente por emigrantes retornados ou por xentes da propia vila que ven nesta actividade unha posibilidade de autoemprego
- b.- A multiplicación da oferta hosteleira e de ocio nas vilas contribúe a reforzar a centralidade das cabeceiras ó atraer ós habitantes do rural, implicando un cambio paulatino dos modelos básicos de comportamento e relación social.

E como a hostelería ou o comercio, os *servicios* persoais viven nas últimas décadas un constante proceso de adaptación á nova sociedade rural xurdida da modernización e transformación dos últimos anos. Hoxe topámonos con axencias de viaxes, video-clubs, academias, e outras prestacións inexistentes no 1960, mentres algunhas das de aquel entón desapareceron co paso dos anos. Esta situación evidencia, por unha parte, unha constante regulación de moitas funcións levadas a cabo no pasado nun marco máis informal, e por outra parte, a necesidade de facer fronte ás novas peticións emanadas do incremento da capacidade de consumo experimentada.

Polo que respecta ós *servicios* públicos asístese a unha progresiva implantación de diferentes organismos e ramas da Administración nos núcleos comarcais. Isto supón un incremento funcional con efectos inducidos no mercado de traballo e na secuencia demográfica (xeralmente de progreso) e, ademáis, implica un aumento da súa capacidade de atracción sobre a poboación rural do entorno, reforzando a súa centralidade.

As razóns que impulsaron ós diferentes poderes públicos a acometer políticas descentralizadoras e redistribuidoras polo espazo de funcións que, ata os anos 1970, localizábanse en exclusiva nas cidades principais, débese fundamentalmente a:

- a.- Aposta por parte das administracións da utilización dos seus *servicios* como elementos dinamizadores da economía. Esta visión enmárcanse nunha tendencia na que tanto no campo da política económica, como no da planificación territorial, considérase como unha das fórmulas máis eficientes de correxir os desequilibrios espaciais das rexións o dotalas dunha rede urbana de lugares centrais de diferente tamaño e importancia, que sirvan de elementos difusores polo territorio dos avances na millora da calidade de vida e do benestar social (Gutierrez Puebla, 1987).

- b.- Coa consecución por parte dos sucesivos gobernos do chamado “Estado do Benestar”, unha das máximas prioridades vai ser posibilitar o acceso ós servizos que presta por parte do maior número posible de individuos. Para acadar este obxectivo é necesario localizar en determinados puntos as prestacións que se ofertan, para desde aí, organizar áreas de cobertura que engloben á totalidade do territorio.
- c.- A descentralización supón, nun momento de multiplicación espectacular dos trámites administrativos e da presenza do estado na vida cotiá, mellorar a calidade e axilidade do propio servizo (ó menos de xeito teórico), e desconxestionar os servizos centrais.

Sobre este marco xeral, a difusión de diferentes prestacións e servizos supón a ubicación nas vilas cabeceiras de centros de ensino secundario, sanitarios, de atención ó desempregado, de xestión agraria,... Advírtese neste proceso de distribución unha lóxica no que respecta ós núcleos seleccionados pola Administración para realizar os seus investimentos. Búscase á hora de parcelar o territorio en novas divisións administrativas ter en conta ás áreas de mercado das vilas comarcais, sendo esta unha das recomendacións máis frecuentes por parte de tódolos planificadores do territorio e do desenvolvemento económico desde principios de século (Berry, 1971). Evidentemente, a fixación dunha determinada dotación pública e a creación conseguinte dunha parella área de cobertura, vai ter unha gran repercusión espacial. Por unha parte supón a configuración dunha área supramunicipal dependente cuns límites claros e ríxidos (límites municipais) de gran transcendencia na organización espacial. Pois non hai que olvidar, que esta circunstancia vai condicionar os desplazamentos da poboación cara uns ou outros asentamentos cos beneficios, en termos de centralidade e funcionalidade, que esto supón. Por outra banda ás vilas, gracias a contar con estas dotacións, adquiren unha clara preponderancia sobre as entidades rurais circundantes, ou outras vilas veciñas, que dependen para o acceso ós servizos daquelas que gozan do privilexio de ter determinadas dotacións.

Entorno á localización destas funcións e á creación de áreas dependentes das mesmas, tense xerado un apaisoante debate entre os defensores do seu reparto homoxéneo polo territorio, cunha uniformidade no concerninte ós espazos de cobertura e ás dotacións de cada núcleo comarcal. E aqueles outros que tentan buscar razoamentos lóxicos para explicar a “desorganización” dos espazos rurais en virtude dos desiguais niveis dotacionais existentes e ó solapamento dalgunhas áreas de influencia. Por unha parte téndese a interpretar en termos de desequilibrio, desigualdade ou impedimento para o desenvolvemento armónico do territorio, o actual reparto das funcións públicas (unhas vilas contan con máis servizos que outras) e a circunstancia que moitos concellos basculen indistintamente sobre unha, dúas ou varias cabeceiras para o acceso ás prestacións públicas. Tal circunstancia é innegable, pois as vilas de economía diversificada (recordemos as de maior talla urbana) contan cunha dotación pública complexa (delegacións da Axencia Tributaria, INEM, INSS, nalgúns casos hospitais comarcais,...), mentres as denominadas de montaña ou dos espazos agrarios ofrecen unhas dotacións moito menores. Isto supón que os residentes nas comarcas peor dotadas teñan que desplazarse indistintamente a varios núcleos, co conseguinte “mareo” administrativo, evidentemente perxudicial para o administrado.

Para contrarestar os anteriores argumentos deféndese a tese de que non estamos ante un espazo isotrópico e aséptico. Ó contrario, sobre o mesmo prodúcese numero-

sas friccións e rozamentos que, dalgún xeito, condicionan o comportamento dos individuos en relación ó espazo. Aínda que cada vez máis relativízase o papel do medio físico como axente condicionador da actividade humana, non se debe esquecer a particular disposición do relevo nas áreas interiores (unha sucesión de depresións e vales separados por modestas alineacións montañosas). Isto implica dificultades comunicativas en función da disposición das carreteras, cauces de desplazamento dos individuos que inflúen de modo fundamental na formación das áreas de gravitación funcional e, por conseguinte, na organización espacial. Por outra banda, en casos concretos, topámonos cun pasado e unhas relacións históricas de continua competencia e roces entre localidades veciñas de similar entidade. Isto á hora de localizar os equipamentos públicos ten levado a efectos compensatorios na búsqueda dun maior equilibrio territorial e de evitar enfrontamentos localistas en exceso. Quizáis un dos casos máis claros é o de Arzúa e Melide (vilas de talla similar, próximas no espazo, que se reparten áreas comerciais e dotacións públicas), pero tamén topámos outros na comarca de A Ulloa, en Valdeorras entre A Rúa e O Barco,...

Tamén, e como factor puramente obxectivo, hai que ter en conta que a homoxeneidade no concerninte á localización dos servizos públicos nas cabeceiras de comarca implicaría unhas políticas sectoriais de idénticas necesidades e prioridades, cando, de feito, cada política sectorial ten uns criterios propios de funcionamento e uns obxectivos particulares acordes coa función que desempeñan. Non é o mesmo o umbral de persoas que se necesitan para asegurar o funcionamento mínimo dunha delegación da Axencia Tributaria que o dunha oficina de Extensión Agraria. Nin tampouco son comparables os desplazamentos que se realizan a un hospital comarcal ou a un centro de ensino secundario. Así, non é de extrañar que as vilas teñan uns desiguais niveis dotacionais, contándose con algúns comúns que aparecen en todas (I.B., Extensión Agraria, Cabeceira Sanitaria,...), mentras outras máis complexas só aparecen nas de maior talla.

Por isto, considérase que a aparente desorganización administrativa existente (áreas de cobertura de diferentes servizos solapadas con municipios que dependen de varias vilas e diferentes dotacións), non o é tanto unha vez considerados os anteriores aspectos. Pois non se debe esquecer que o territorio non é un taboleiro de axedrez que se poida parcelar en áreas de cobertura homoxéneas, senón que sobre o mesmo interactúan factores e axentes diversos que explican a situación existente.

D.- Un desenvolvemento industrial selectivo.

As vilas cabeceiras de comarca, ademáis de centros terciarios que ofertan bens e servizos ós habitantes das súas áreas tributarias, son tamén focos productivos onde se concentran actividades manufactureiras e de transformación industrial de interés dentro da nosa escala de referencia. Esta última circunstancia afecta de modo selectivo a un número determinado de núcleos, o que explica, en grande medida, as diferentes tallas urbanas existentes.

A industria é unha función recente, de apenas trinta anos, vencellada nalgúns casos a unha tradición artesán e noutros, os menos, derivada de procesos de implantación de empresas foráneas. Pese a que non ocupa a un número espectacular de traballadores (como media un 15,7% dos activos dos municipios correspondentes) é significativa a súa importancia dentro dun espazo interior de baixísimo nivel empresarial, tendo

unha grande repercusión no desenvolvemento das vilas. Esta mídese pola ampliación do mercado de traballo que supón un aumento da poboación residente nos núcleos mediante a atracción de individuos procedentes, nun gran número, do campo. Ademais a posibilidade de topar unha saída laboral non agraria nestos asentamentos vai supor que numerosas persoas continúen a manter a súa residencia no medio rural, mitigándose as consecuencias da crise dos modos de vida campesiña de finais de século.

A denominación de industrialización selectiva estriba no feito dun desigual reparto da carga empresarial dentro do grupo das vilas cabeceiras. Estos contrastes mídense tanto no número de establecementos industriais existentes, como na forza laboral coa que conta cada unha.

DESIGUAL REPARTO DA CARGA INDUSTRIAL NAS VILAS DO INTERIOR

	% PBO. ACTIVA		ESTABLECEMENTOS
	1960	1991	1991
DE MONTAÑA	11,9	21,3	22,1
DE ESPACIOS AGRARIOS	9,9	27,4	61,5
DE ECONOMÍA DIVERSIFICADA	11,5	37,4	138,8

Fonte: Rexistro Mercantil e Padróns de Habitantes

Os núcleos de economía diversificada son os que presentan unha maior actividade fabril dentro do contexto espacial de referencia, o que explica a súa maior talla urbana relativa, mentres aqueles exclusivamente terciarios presentan uns menores índices de desenvolvemento.

Para analizar o proceso experimentado desde os anos 1960 é necesario ter en conta o risco que supón afirmar a existencia de actividade industrial nestas décadas centrais do século. Ó sumo cóntase con algunha iniciativa industrial aillada, predominando claramente unha estrutura manufactureira artesán onde as “protoindustrias” das cabeceiras (mellor dicir talleres artesáns) abastecen un mercado local e manteñen uns mínimos contactos empresariais co exterior. Predominaba unha estrutura transformadora orientada á consecución de toda unha ampla gama de produtos de consumo frecuente. Por ramas cóntase cunha serie de funcións que se repiten en case tódalas vilas, mentras nalgúns casos concretos xa se adiviña unha semiespecialización manufactureira cunha proliferación de talleres nunha tarefa determinada, que co paso do tempo pode dar como resultado, ou non, a formación dun sistema productivo local. A existencia desta oferta diversa débese a:

- a.- Dificultades comunicativas e de desplazamentos de mercadorias (necesidade de proverse daqueles bens máis básicos)
- b.- Baixos niveis de renda e consumo (escaso atractivo para empresas urbanas)

Partindo desta base ten lugar unha evolución na que se chega, nalgunhas vilas, á consolidación de estruturas productivas locais, que na terminoloxía recollida por Méndez e Caravaca (1996) reciben o nome de *Áreas de especialización productiva*. Estas

aparecen formadas por un grupo de PEMES pertencentes na súa maioría a unha determinada rama industrial, en función da tradición e os recursos locais, que apenas manteñen relacións económicas entre elas, competindo nos mesmos mercados, cunha orixe recente no tempo, e resultantes de procesos de industrialización endóxena. As razóns que xustifica o seu paso de pequenos talleres a PEMES, en moitos casos moi competitivas mesmo nos mercados internacionais, radica na capacidade de iniciativa e xestión dos empresarios e no efecto mimético que xera ó seu redor. Efectivamente ímonos topar nunha conxuntura durante os anos 1960 e 1970 de demanda alcista na cal non hai unha oferta preparada capaz de darlle resposta. Neste momento, un momento de ruptura estrutural, aqueles emprendedores que se aventuraron a dar un salto empresarial (incrementando o seu nivel de negocio e carga de traballo), topáronse cun mercado capaz de absorver a súa produción. A raíz do seu éxito xérase o seu redor un mimetismo que supón a aparición de novos emprendedores no mesmo sector, posibilitando, por conseguinte, unha especialización productiva.

A estrutura resultante tras este proceso é claramente dual. Por unha parte tódalas actividades artesáns evolucionaron no tempo, convertíndose en funcións industriais de cativo tamaño que atenden unha demanda básica. Por outra, naquelas vilas que gozan do privilexio de contar cunha base industrial establecida aparecen xa empresas cuns umbrais de facturación e produción respetables (dentro desta escala de referencia). A cohabitación de ambas estruturas leva a unha media para tódalas vilas comarcais que se caracteriza por un acusado atomismo industrial (a media de traballadores por establecemento é de 5,4). Sobre esta media tópanse diferencias entre as diferentes ramas, cuns ratios máis elevados nalgúñas como o textil ou a minería (aparte do epígrafe “enerxía-auga” polo efecto estatístico que introduce o complexo de Endesa en As Pontes). E tamén entre os diferentes tipos de vilas, sendo as de economía diversificada aquelas que presentan uns volúmenes máis importantes.

NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES NAS INDUSTRIAS DAS VILAS. 1991

ENERXÍA E AUGA	140,3
EXTRACCIÓN MINERAIS	9,4
METAL	2,5
ALIMENTARIAS	2,8
TEXTIL E CONFECCIÓN	8,2
MADEIRA E MOBLE	2,8
OUTRAS	2,6

Fonte: Rexistro Mercantil

A estrutura empresarial das cabeceiras presenta unha gran dependencia do aproveitamento dos recursos endóxeos cos que conta o territorio. A implantación de unidades productivas do exterior (plantas de descentralización) é moi cativa, e aínda nestes casos o feito da atracción dos espazos rurais e as vilas fundaméntase no interés das empresas de rendabilizar “in situ” a abundancia de man de obra ou materias primas. Pese á existencia de exemplos significativos, en Galicia non se acadan os niveis de descentralización industrial que se poden topa noutras rexións rurais próximas.

Volvendo ós recursos endóxeos cos que se conta e que posibilitaron o desenvolvemento da industria nas cabeceiras destacan os seguintes:

- a.- *Recursos humanos.* Dentro destes individualízanse tres tipos: emprendedores, man de obra e profesionais. Os últimos son un activo deficitario no espazo rural, recurriéndose habitualmente á “importación” de cadros técnicos especializados procedentes do mundo urbano. Sen embargo, nos dous primeiros os centros comarcais nos que se formaron nos últimos anos sistemas productivos locais son bastante ricos. Por unha parte, contan cunha abundante man de obra disposta a empregarse na industria e abandoar as tarefas do campo, formando un colectivo laboral flexible, abundante e de baixo coste (fundamental para o desenvolvemento de sectores industriais intensivos en man de obra como o textil). E por outra, veñen demostrando que contan con emprendedores e líderes locais xurdidos do mundo da empresa. Consolídase así unha fundamental “cultura empresarial” na que o feito de crear emprego e xerar riqueza considérase como un mérito importante. Neste marco empresario-obreiro manteñen unha liña de colaboración que favorece o desenvolvemento deste tipo de empresas, ó existir un intenso contacto social e relación persoal entre os dous estamentos (presentan polo xeral poucas diferencias socioculturais). Así mesmo nas vilas de intenso dinamismo industrial xurden grupos familiares con numerosas ramificacións empresariais en sectores diversos, sendo un recurso máis de considerable importancia para o seu progreso económico.

- b.- *Recursos territoriais*. Están relacionados directamente coa oferta de materias primas subceptibles de ser transformadas en procesos industriais. Neste apartado destacan aquelas provintes das actividades agropecuarias. A modernización que experimenta o sector primario nas últimas décadas permite a aparición dun volume de produción suficiente, que unido a un incremento do consumo urbano, favorece a paulatina consolidación dun complexo agroalimentario ó redor da función primaria. Tamén cómpre sinalar que os recursos do subsolo son, en puro sentido común, básicos na interpretación da importante e concentrada industria extractiva e transformadora de mineiras e rochas (especialmente explotacións de pizarra). A riqueza forestal é aproveitada a partir de numerosísimos serradoiros de minúsculo tamaño que dirixen a súa produción cara ás fábricas de aglomerados máis importantes da rexión (Finsa, Tafisa,...), sendo tamén rendabilizada, aínda que na actualidade moito menos que en épocas pasadas, pola industria de fabricación de mobiliario. A auga e os cursos fluviais son fundamentais para comprender o desenvolvemento dalgunhas vilas cabeceira situadas nas proximidades dos ríos nos que se construíron centrais hidroeléctricas (A Rúa, Viana do Bolo,...).
- c.- *Recursos financeiros*. A capacidade para investir na modernización e ampliación dos sectores productivos é vital na conformación dos sistemas locais de empresa. Neste aspecto pode diferenciarse entre aquel investimento procedente de ámbitos foráneos ás propias vilas (das cidades principais do sistema rexional, de fora de Galicia, e mesmo do extranxeiro), e aquel outro levado a cabo con capital local (contextualizándose dentro dos procesos endóxeos de desenvolvemento). O primeiro tipo pese a súa pequena significancia porcentual ten gran significancia, pois lévase a cabo en sectores e momentos estratéxicos, servindo de detonante, en ocasións, para posteriores procesos de industrialización. Mentras, no segundo, destacan aqueles procedentes das actividades agrarias e comerciais, onde os capitais acumulados empréganse na posta en marcha de iniciativas industriais. Tense posto de manifesto (Sequeiros Tizón, 1986) como as cabeceiras de comarca de máis forte industrialización do interior son, tamén, centros agrícolas e gandeiros cunhas estruturas modernizadas e rendibles (Lalín, Verín, Sarria,...). Outro capital que se mostrou fundamental ó longo das últimas décadas como xerador de iniciativas é o procedente das remesas da emigración. Este é un dato difícil de obter, sen embargo o noso coñecemento da cuestión deriva dunha parte da afirmación xeralizada sobre a importancia que ten este elemento na dinamización socioeconómica do rural (sen que se aporten máis datos ó respecto), e doutra, do coñecemento dalgúnha experiencia individual na que sí se identifica esta circunstancia (compréndese que aspirar a máis neste aspecto é de todo imposible nunha análise como a presente). O máis frecuente método de investimento de capital nas empresas industriais das vilas cabeceira é o derivado dun proceso continuado no tempo de acumulación de beneficios e posterior reinversión na unidade productiva. Exa para rematar esta explicación, dicir que nesta secuencia o investimento directo por parte do Estado é practicamente nulo. Pese a isto, a súa impronta no desenvolvemento industrial será moi importante debido ó acondicionamento infraestructural que se vai levar a cabo nas áreas rurais da comunidade.

Por ramas productivas, e seguindo a clasificación da C.N.A.E., o sector productivo cun maior número de locais é o da industria do metal, fundamentalmente transformados e carpintería metálica, cun 32,2% dos totais existentes. Son pequenos talleres

(aínda que existen excepcións) con baixa capacidade xeradora de emprego e un mercado de ámbito comarcal (unha media de 2,5 traballadores por establecemento, o que ven dar como resultado que só supoña un 15,2% de tódolos empregados industriais dos centros comarcais).

RELACIÓN DE ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS NAS VILAS. 1991

	EMPRESAS		TRABALLADORES	
	nº	%	nº	%
ENERXIA E AUGA	22	1,0	3086	25,7
EXTRACIÓN/TRANSF MINERAIS	280	12,5	2636	21,9
IND QUÍMICA	56	2,5	249	2,1
IND. METAL	743	33,2	1823	15,2
IND. PRD. ALIMENTICIOS	332	14,9	916	7,6
IND. TEXTIL E CONFECCIÓN	211	9,4	1735	14,4
IND. MADEIRA E MOBLE	581	26,0	1630	13,6
IND PAPEL, ARTES GRÁFICAS	40	1,8	84	0,7
OUTRAS IND MANUFACTUREIRAS	76	3,4	197	1,6
	2235	100	12020	100

Fonte: Rexistro Mercantil

Esta mesma situación, dunha porcentaxe máis elevada no referente ó número de unidades fabrís que no que respecta ó número de traballadores, volve darse no caso da industria da madeira e o moble e no da alimentaria. En ambos sectores o atomismo das empresas non permite un aporte á estrutura laboral acorde co seu volume de locais. Isto débese á coexistencia no conxunto das vilas doutros establecementos industriais de maior capacidade empregadora, nos que a proporción de empresas respecto ó total das existentes nas vilas é inferior á porcentaxe que supoñen os seus traballadores respecto, tamén, ó total dos activos industriais dos núcleos comarcais. Isto ten lugar nas empresas do textil e nas adicadas á extracción e transformación de minerais. Pero sobre todo, será no caso das pertencentes ó epígrafe “enerxía e auga” onde o 1% dos locais existentes dan traballo a un 25,7% dos activos industriais de tódolas cabeceiras de estudio (debido ó efecto desestabilizador introducido pola Central Térmica de Endesa en As Pontes que conta con máis de 2.300 traballadores directos).

Dentro do que é o sector secundario a construción acada un papel fundamental (non entrando no debate si esta función debe, ou non, representar unha rama de actividade propia). Esta experimenta un gran crecemento nas últimas décadas (entre 1960 e 1991 os seus activos aumentan en máis dun 500%), acadando unha porcentaxe enteiro ó 50% dos traballadores secundarios das vilas. O seu protagonismo ten dúas razóns principais:

- a.- *Aumento do parque de vivenda.* Circunstancia espectacular nos núcleos urbanos das cabeceiras (para o seu conxunto pásase de 20.115 vivendas a 67.111 nas datas de referencia), axudado pola multiplicación de novas construcións no espazo rural (establos, novas vivendas,...)
- b.- *Incremento da obra pública.* Lévese a cabo un forte investimento na mellora infraestructural (apertura e arranxo de pistas, traidas de augas, obras de saneamento,...) que, ademáis de elevar a calidade de vida, permite a consolidación de empresas de obra pública nas vilas.

Polo xeral as maiores constructoras asóciáanse a localizacións nas vilas comarcais de máis forte desenvolvemento edificativo e funcional. Destaca tamén o feito de que a meirande parte das empresas son de orixe familiar, pois estas xurdiron como unidades de traballo de modesto tamaño que medraron en parello ó desenvolvemento socioeconómico e edificativo desde 1960 e, tamén, en razón do investimento en infraestructura pública.

RELACIÓN DE OCUPADOS NA CONSTRUCCIÓN

	Nº MEDIO DE TRABALLADORES	INCREMENTO 1960-1991
DE MONTAÑA	216	724,8
DE ESPACIOS AGRARIOS	346	490,6
DE ECONOMÍA DIVERSIFICADA	2.014	1.053,5

Fonte: Padróns municipais

Outra das características destacadas da construción é o moi forte efecto difusor que ten no espazo rural (gran número de empregados que traballan en empresas das vilas continúan residindo nas parroquias de orixe), o que ten un efecto positivo directo ó contribuir a conter os efectos do despoboamento e significar a introducción de rentas líquidas nas familias campesiñas. Neste senso a construción presenta un alto índice de impacto na estrutura económica local, xerando un fluxo económico considerable nas vilas, e favorecendo a consolidación ó seu redor dunha serie de actividades complementarias (fontanería, almacéns e fábricas de materiais de construción,...) que redundan no desenvolvemento dos centros.

E.- Crecemento urbano e expansión edificativa.

O efecto máis visible do proceso de urbanización das vilas do interior é o crecemento edificativo experimentado desde os anos 1960. Sorprende en ocasións os niveis de densificación e concentración do espazo construído para uns asentamentos, que pese a todo, manteñen unha moi modesta talla urbana. Indicador da intensidade da evolución é o incremento nun 229,6% do parque de vivendas que presenta o conxunto das vilas entre as datas de referencia. Á hora de analizar o espazo construído é necesario ter en consideración o feito de que nos topamos ante un proceso no cal interveñen diversas

circunstancias e axentes que, de modo interdependente, contribúen á comprensión do mesmo. Por unha parte, no que é a morfoloxía urbana débese ter en conta o emprazamento concreto de cada vila, a disposición da rede viaria e as accións que se levan a cabo polos distintos axentes humanos dentro dun marco legal determinado. Por outra parte, a súa estrutura interna vai ser resultado da conxunción de variables como os contrastados intereses dos axentes intervincentes que, guiados por uns obxetivos asimesmo diferenciados, van crear unhas paisaxes determinadas. Do mesmo xeito vaise topar unha segregación funcional interna dos usos do solo, en relación coa loita e competencias que as diferentes funcións urbanas levan a cabo para situarse dentro da trama urbana.

DATOS BÁSICOS SOBRE A EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NAS VILAS

	de montaña	de espazos agrarios	de economía diversificada
NÚMERO DE VIVENDAS EN 1991	825	1.482	3.892
PORCENTAXE DE INCREMENTO DAS VIVENDAS ENTRE 1960 E 1991	229,1	202,3	258,4
PORCENTAXE DE INCREMENTO DA POBOACIÓN ENTRE 1960 E 1991	11,6	28,1	73,6
RELACIÓN HABITANTES POR VIVENDA EN 1960	4,9	5,1	5,1
RELACIÓN HABITANTES POR VIVENDA EN 1991	1,7	2,1	2,1

Fonte: Nomenclátors de Poboación


Según os datos adxuntos, o ritmo de crecemento nas pasadas décadas acada un ritmo espectacular de aumento, moi superior ó da mesma poboación. Esta situación non só é explicable polo seu crecemento económico e funcional. O anterior implica, evidentemente, un incremento do mercado laboral e a conseguinte atracción de traballadores, co cal é necesario que se produza unha parella oferta de aloxamentos e vivendas que orixina unha densificación edificativa. Sen embargo a aplicación desta lóxica non xustifica por sistema a intensa secuencia presentada. Intervenñen outros elementos dinamizadores como o papel xogado polos emigrantes como promotores, constructores ou demandantes de vivendas. Isto orixina que un número significativo das vivendas estén valeiras unha boa parte do ano, e como mudaron os ratios habitante/vivenda entre o ano 1960 e o 1991. Este colectivo vai dedicar unha parte considerable do seus capitais a investimentos no sector da construción, convertíndose en promotor directo, ou ben comprando un aloxamento para pasar nel os días de vacacións ou residir tralo seu retorno (a Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior da Xunta de Galicia, estima que un 24,2% dos investimentos dos emigrantes lévanse a cabo neste sector). Este comportamento de refuxio inversor da construción vai ser adquirido, tamén, pola poboación local que orienta os seus excedentes económicos nesta activida-

de, pola seguridade que implica e pola tendencia á alza que manifesta no período histórico de referencia.

Outra circunstancia que chama a atención nos datos anteriores é a rapidez coa que, en vista dos ratios de aumento, se desenvolve a expansión física das vilas. Esta traerá consigo consecuencias de desaxustes e disfuncionalidades sobre a estrutura e as paisaxes urbanas: carencia de dotacións e infraestruturas, desequilibrios en altura, excesiva densificación, ausencia de planificación urbanística,... E xa por último sérvenos esta información como novo referente para marcar a diferenciación existente entre os diferentes tipos de núcleos comarcais, manténdose os contrastes entre aqueles de maior talla, os de economía diversificada, e os de menor.

Búscase levar a cabo unha interpretación das formas urbanas que non sexa simplemente un exercicio puramente historicista e descriptivo dos planos de cada núcleo. Senón que se pretende integrar dentro do plantexamento expositivo tódolos elementos intervincentes no mesmo, e moi especialmente aqueles vencellados á actuación das forzas e actores socioeconómicos e políticos. Deste xeito, os procesos necesarios para a produción do espazo edificado van permitir reflexionar sobre a organización social e a lóxica de funcionamento do sistema económico, as concepcións sobre as formas máis adecuadas de organizar o solo urbano e as pautas de crecemento de cada núcleo. É dicir, non só interesa interpretar e analizar as formas, interesa especialmente poñer de manifesto os diferentes procesos que levaron a elas.

Polo que respecta á morfoloxía, hai que ter en conta que a función que dou motivo para o xurdimento da vila (circunstancia que vai fixar o seu emplazamento), marca a propia historia urbana, e en boa medida vai condicionar a forma do plano mesmo a partir dos anos 1960. Pese a que unha das características definitorias das cabeceiras é a xuventude da meirande parte do seu espazo edificado, algunhas delas presentan unha fonda tradición histórica desde época medieval como asentamentos destacados no seu entorno, relacionados a unha funcionalidade e a un emprazamento fundamentalmente defensivo (Ribadavia, Monforte, Viana do Bolo, Vilalba,...). Tamén teñen importancia aquelas localizadas ó carón dos camiños de peregrinación a Santiago de Compostela (Arzúa, Melide e Sarria, -as dúas últimas combinan a súa situación na ruta xacobeá cun emprazamento de carácter defensivo-). Por outra banda, as vilas de menor antigüidade que as anteriores xurden como lugares de intercambio económico situadas en cruces de camiños, ou en vías de comunicación singulares (a partir de primixenios lugares que mostran un rueiro similar ó dunha entidade rural). Esta situación dáse en cabeceiras como Xinzo, O Carballiño, Lalín, Quiroga,...



Este último aspecto vai ter un valor fundamental na expansión constructiva das últimas décadas. A disposición e o trazado das vías de comunicación é referente fundamental na fixación das novas edificacións. Isto da lugar a que as formas lineais, e en estrela (pois moitas asóciáanse a cruces de carreteras) sexan moi frecuentes nestas poboacións. Ante a ausencia dunha planificación urbanística favorecedora da apertura de rúas, as carreteras que atravesan as vilas vanse converter no soporte e espazo de fixación das vivendas construídas nas últimas décadas. Isto da como resultado a conversión das carreteras en travesías urbanas que, case sempre, convértense nas rúas principais de cada núcleo.

O trazado das vías de comunicación vai ter, tamén, gran incidencia no tocante á apertura dos rueiros modernos, pois téndese a aproveitar o espazo interscial das principais carreteras. Cando a Administración desexa, ou ten necesidade, de ofertar solo urbano ábreanse rúas de conexión entre as anteriores, adquirindo estas un papel relevante como elementos organizadores das accións de planificación urbanística desenvolvidas coa finalidade de incrementar o espazo urbano.

Coa apertura de novas rúas búscase:

- a.- Asegurar mediante a oferta de solo urbano a expansión edificativa e o desenvolvemento da construción nas vilas (non olvidemos que constitúe un dos seus motores económicos máis destacados)
- b.- Inténtase evitar un excesivo crecemento lineal que ocasione disfuncionalidades e destruture o espazo urbano, coa finalidade, así mesmo, de lograr un aforro de custos na cubrición e abastecemento de servizos, infraestruturas e equipamentos públicos.

Por outra parte, e pasando ás extratexias desenvolvidas polos axentes partícipes do proceso edificativo, é sorprendente, sendo un dos efectos visibles máis destacados do mesmo, a intensidade e a tendencia ó crecemento en altura das construcións das vilas. Adquiren estas un nivel urbano nos seus edificios que é o correspondente noutras rexións do estado (e xa non digamos dos países do noso entorno próximo), a entidades de moita maior poboación (Fernández de Rota y Monter, 1992).

INCREMENTO EN ALTURA DO PARQUE INMOBILIARIO

	de 3 a 5 plantas		6 e máis plantas	
	1970	1991	1970	1991
ORDES	98	366	5	32
SANTA COMBA	15	278		1
CHANTADA	18	308		39
MONFORTE	202	1.172	13	111
SARRIA	99	598	5	46
VILALBA	57	514	5	63
O CARBALLIÑO	139	520	12	83
XINZO	27	431	1	11
A ESTRADA	62	447	3	68
LALÍN	60	441	4	44

Fonte: Censos de Edificios. I.N.E.

Os datos do cadro adxunto non deixan lugar á dúbida sobre este proceso de elevación en altura. Obsérvase como desde o ano 1970 a principios dos 1990 o incremento do parque de inmobles desenvólvese con gran celeridade, tendo o seu momento máis álxido durante toda a década dos 1970 e nos principios dos 1980. Nestes intres asístese a un periodo que da como resultado unha forte destrutturación espacial, mentres que a partir de aquí, reláxanse, ou ó menos conxélanse as Licencias de Obra que marcan as maiores elevacións.

ANOS DE CONSTRUCCIÓN DOS INMOBLES DE 5 E MÁIS PLANTAS NAS VILAS*

	5	6	7	8	9	10 e máis
1960-65						
1965-70	35	12	1			
1970-75	55	19	6	31	7	
1975-80	31	6		1		
1980-85	17	6				
1985-90	45	22	7	4		

* VILAS DE O CARBALLIÑO, MONFORTE E O BARCO

Fonte: Licencias de Obras Municipais

Os espazos urbanos das cabeceiras teñen un importante crecemento derivado das transformacións que afectaron ós modelos de rendabilización económica e ós esquemas culturais e de comportamento. No referente á secuencia de crecemento urbanístico interveñen numerosos actores que establecen un xogo de forzas e intereses particulares na procura de acadar un beneficio económico. Este obxectivo, fundamental en toda

a secuencia de crecemento edificativo dos centros de comarca entre 1960 e 1991, pode cumprirse gracias á conxunción de dous elementos, tamén intervintes no proceso, cuxa actitude ante o mesmo permite e/ou favorece este modelo de expansión. Non é de extrañar que os propietarios do solo e os constructores intenten obter os máximos ratios de beneficio monetario nas súas operacións urbanísticas, pero o que sí é máis discutible e que por parte da sociedade civil e dos poderes públicos se asista como espectadores e/ou lexitimadores do irracional e negativo, urbanísticamente falando, proceso de densificación do espacio urbano das vilas.

A sociedade local, inmersa nun momento de cambio brusco dos esquemas de comportamento e racionalidade colectiva, pasa nun umbral temporal moi rápido, dun sistema cultural e social precapitalista e rural, a outro onde tódolos aspectos da vida en convivencia van verse supeditados a un novo esquema de organización sociolóxica no que os aspectos derivados do modelo económico capitalista e urbano van ser o eixo central. Si observamos anteriormente que descende a natalidade pola carga económica que supoñen os fillos, que cambia a estrutura das actividades comerciais, que os mercados son cada vez máis competitivos,... non é tampouco extraño que os habitantes das vilas vexan nos movementos especulativos e no conxunto de tódolos “atentados” urbanísticos que se fixeron (especialmente a densificación en superficie, o incremento en altura e a substitución da vivenda tradicional) un símbolo de avance e modernidade. Si a isto lle sumamos o feito de que o proceso supón, tamén, a formación dun sector económico potente que da traballo a un importante número de individuos, tódalas accións levadas a cabo son lexitimadas socialmente. E ó ser popularmente defendidas e asimiladas polo groso do corpo social daquel entón, tampouco é extraño que as autoridades que poderían establecer os mecanismos necesarios para correxir os caóticos e desartellados, na súa meirande parte, desenvolvementos urbanísticos das cabeceiras non intervisen de forma decisiva no control e na planificación da construción do espacio. Pois isto suporía levar a cabo medidas impopulares e conxelar un dos motores económicos máis destacados do progreso dos centros comarcais.

Non obstante este periodo brusco de transformación cultural e económica é asimilado progresivamente. A finais dos anos 1980 e nos comezos dos 1990 pódese identificar xa un cambio de actitude no sistema sociopolítico onde, e unha vez vistos os erros e os problemas que supuxo este “desarrollismo” a ultranza, medra a conciencia da necesidade de establecer mecanismos reguladores que introduzan formas máis axeitadas de facer espacio urbano. De ahí provén a progresiva toma de conciencia por parte dos poderes públicos e a sociedade civil de promover un desenvolvemento constructivo armónico, máis humano, que non reproduza as disfuncionalidades e os moitos “atentados” da anterior fase.

En toda esta secuencia, evidentemente, os axentes que participan directamente actúan con diferentes motivacións. Os propietarios do solo, unha vez introducido este dentro das leis da oferta e a demanda da economía de mercado, interveñen de dúas maneiras, tanto como vendedores dunha mercancía a outros axentes (sendo lóxico que se busque acadar o maior precio posible), como pasando a desempeñar un papel de promotores, urbanizando a súa propiedade co afán de capitalizar as ganancias do proceso de construción e venda. Por outra banda, e tendo en conta a extrema parcelación da terra en Galicia, e como queira tamén que no proceso edificativo os propietarios da mesma van intervir como promotores ocasionais, é importante ver como ambas cir-

cunstancias teñen unha destacada repercusión na modelación do espazo urbano. Isto dificulta a posta en marcha de programas de planificación en superficie pois cada propietario en particular mantén unha estratexia e un proxecto propio para a súa finca ou solar que case sempre tende a entrar en litixio co interese da colectividade. Ademais, e en segundo termo, a dispoñibilidade do parcelario rústico reproúcese na plasmación constructiva. As vivendas adaptanse na súa disposición ós antigos campos de cultivo que se van converter en solares. Esta característica é definitiva da totalidade dos asentamentos comarcais. A forma da finca vai condicionar a forma da edificación que sobre ela se asenta. Así mesmo, e como consecuencia dos impulsos individuais de crecemento prodúcese unha alternancia de solares ocupados e baleiros que contribúen a dar unha imaxe de desartellamento nas esceas urbanas.

Como terceira consecuencia da estrutura da propiedade e da iniciativa individual das accións constructivas prodúcese, nas áreas da inmediata periferia que rodean o espazo urbano consolidado unha cada vez máis forte edificación de vivendas unifamiliares. Estas localízanse sobre terreos rústicos a través da súa disposición en vellos camiños rurais sin ningún tipo de planeamento, seguindo estratexias xa individualizadas noutras cidades do Estado (Campesino Fernández, 1989). Este fenómeno común trae consigo dúas consecuencias negativas inmediatas. Por unha parte encarece a cobertura de futuros servizos e infraestruturas básicas, tipo alcantarillado, alumeado,..., e por outra, convértese nun futuro freo para a posta en marcha de proxectos de expansión que se van topar co limitador que supón un cinturón de casas exentas destas características.

Respecto ós axentes encargados de materializar fisicamente todo o proceso, constructores e promotores, non se aporta nada novo ó recordar que actúan sobre o espazo cun único criterio: acadar beneficios económicos da súa actividade. Nos centros comarcais os constructores ben poden realizar obras por encarga de particulares, ben poden converterse en promotores das vivendas por eles mesmos construídas. Así nalgunha cabeceira identifícase a impronta que certos empresarios do sector deixaron na paisaxe urbana, fundamentalmente nos anos iniciais do proceso, cando este se atopaba nun estado embrionario, onde este colectivo era moi reducido e desempeñaba unha auténtica función de líderes no proceso de dar forma ó crecemento urbano.

Pola súa parte, a Administración, encargada na teoría de velar polos intereses xerais e de organizar o crecemento físico, vai seguir na práctica unha táctica de actuación entre 1960 e 1991 que se pode considerar como un “laissez faire”. Como xa é sabido, as autoridades públicas desempeñan un papel fundamental no desenvolvemento dos núcleos xa que, por unha parte, deben introducir mecanismos lexislativos de control e ordenación do crecemento urbano, e dos usos e aproveitamentos do solo (arbitrando entre os intereses particulares dos actores intervincentes no proceso) e, por outra, deben dirixir o crecemento espacial dos centros basicamente a través da clasificación do solo e das actuacións previstas e programadas nel (Vinuesa Angulo e Vidal Domínguez, 1991).

Sen embargo nos asentamentos comarcais os anteriores presupostos non se levan á cabo, sobre todo nas primeiras décadas do proceso, coincidíndose por parte de tódolos investigadores desta temática, na defensa da idea de que isto derivou nun intenso crecemento do espazo edificado realizado baixo un marco legal pasivo e/ou cómplice cos axentes constructivos.

Interprétase a actitude permisiva dos poderes públicos en varias claves:

- a.- A rapidez e á intensidade coa que se produce a expansión edificativa colle por sorpresa ós responsables municipais dos núcleos cabeceira (sin planos urbanísticos, sin un sistema de rúas onde localizar os inmobles,...) cando, ademais, trátase de pequenos concellos que carecían da capacidade de xestión necesaria.
- b.- Na conciencia social existe, sobre todo nos anos iniciais, unha interpretación pola cal o dinamismo e o progreso das vilas asóciase na mentalidade colectiva a unha imaxe de altos edificios (imitando esceas urbanas das cidades maiores), nun período no que o sector da construción convírtese nun motor fundamental do desenvolvemento económico dos núcleos (co cal as autoridades competentes estimulan a súa actividade).
- c.- O marco normativo necesario para encauzar o desenvolvemento urbanístico de cada vila chega tarde nalgúns casos (a meirande parte das vilas inician os seus traballos de planeamento a finais dos 1970 cando moitas actuacións estaban xa consolidadas), e noutras ocasións plantéxanse regulamentos moi flexibles coa finalidade de favorecer en todo momento os intereses edificativos individuais. Plantéxase así un divorcio entre o marco lexislativo e a praxe urbanística que afecta á meirande parte dos núcleos comarcais galegos dentro dun denominador común para todo o territorio nacional.

As paisaxes son, como se está a ver, un produto social que se constitúe a partir da acción dos diferentes axentes intervincentes. Nelas pódense diferenciar dous compoñentes básicos: os usos do solo e as formas urbanas. Mentres o primeiro relaciónase coas funcións e actividades que o espazo acolle, o “contido” da vida urbana, o segundo, é a plasmación física, arquitectónica e do sistema de rúas, que conforman o “continente” da vila.

É característica definitoria destas poboacións o contraste que se topa entre unha organización funcional, baseada en criterios de segregación de usos, e unha desorganización edificativa, baseada pola súa parte nun difícil xogo de intereses entre os axentes intervincentes. Na distribución das funcións urbanas polo plano existe unha orde económica (no que o seu principal aspecto director é o coste do solo) que marca a zonificación dos usos e actividades. Xunto a esta organización, convive unha destrutturación paisaxística no concerninte á disposición e tipoloxía das edificacións que contribúe a dotar dunha imaxe, na meirande parte dos ocasións, caótica e pobre das formas urbanas. Esta situación é potenciada polos axentes investidores (perseguido un claro afán de beneficio), permitido polos poderes públicos (cunha indecorosa permisividade) e aceptada pola sociedade civil (debido, ó noso parecer, a unha errónea concepción do progreso económico e urbano).

O coste do solo é o principal elemento a ter en conta para interpretar como se distribúen as actividades comerciais e de servizos, como se sitúan dentro da vila os grupos sociais de maior ou menor poder adquisitivo e, en definitiva, como se estrutura internamente a vida urbana. A esta escala, é moi fácil observar como no interior de cada núcleo existen rúas ou sectores especializados en ofertar unha ou outra función. En calquera vila ímonos topar cun espazo central onde se localizan as actividades directrices e de maior rango funcional (delegacións financeiras, o comercio de maior especialización,...). Moitas veces estas son o orgullo da poboación local, as rúas do paseo, onde se atopan, tamén, as cafeterías de maior “caché”, e onde as vivendas e os baixos acadan

os precios máis elevados. Son o centro destas pequenas cidades nas que se evidencia unha clara segregación funcional. Tópase tamén nas proximidades do anterior outras rúas que xa non son o mesmo. A vivenda é máis barata e os baixos están vacíos. Nas saídas das carreteras localízanse talleres e almacéns de diverso índole. E tamén é común identificar unha zoa escolar e deportiva con colexios, piscinas, parques e outros equipamentos públicos. Esta compartimentación é o resultado da lóxica establecida polas diferentes actividades económicas e individuos por apropiarse do espacio, baixo un prisma interpretativo no cal o axioma “maior centralidade igual a maior coste” é aceptado por tódolos membros intervincentes.

E si as funcións e os usos contribúen a crear uns espacios identificados por unha función concreta que ofrecen as persoas, tamén entre estas téndese a formar unha conciencia colectiva de pertenza a un sector urbano determinado, a un barrio diferenciado, en moitas ocasións do resto da vila. Neste aspecto é fundamental o recente auxe de moitas destas vilas que na súa expansión absorben vellos lugares rurais, ou zoas que tendo un nome de pasado van continuar conservandoo e a xerar, por isto, unha identificación entre os habitantes que alí residan. Volve ser, tendo en conta a escala de referencia na cal se fixa esta análise, unha sectorización urbana, que vencellada á funcional, xera a conciencia colectiva da existencia dun barrio.

A plasmación desta evolución, rápida no tempo e sin uns criterios claros de rigor e planificación, da como resultado que o espacio construído, as paisaxes urbanas das vilas, se caractericen por unha máis que patente desorganización. Esta afectou tanto ás áreas de nova creación, as posteriores ós anos 1960, como ós cascos antigos daquelas vilas de maior tradición. Respecto a estes últimos ó inicio da secuencia de crecemento van experimentar unha evolución ambivalente de conservación/degradación según o diferente grao de presión exercido sobre eles. Nos núcleos de máis cativo tamaño, e menor crecemento relativo, consérvanse nun nivel aceptable as tipoloxías e as construcións tradicionais, manténdose unhas paisaxes continuistas o longo das últimas décadas. Diferenciándose (polo diseño das edificacións e os materiais empregados) das construcións actuais. Sin embargo naquelas poboacións de maior desenvolvemento, o contrario, experimentábase procesos de abandono dos cascos históricos e movementos especulativos. O abandono está motivado por que estes sectores presentan unha serie de disfuncionalidades de cara ós novos modelos de comportamento social. A trama urbana, irregular e estreita, é contraria á imperante “cultura do automovil” e, tamén, a antigüidade das vivendas é un factor que psicolóxicamente fai perder atractivo ós potenciais habitantes das mesmas, xa que a desocupación de moitas delas introducen percepcións negativas. Noutros casos xéranse movementos de especulación sobre os espacios tradicionais, vindo a saldarse pola substitución de casas antigas por inmobles de varias plantas en moitos casos sin ningún rigor urbanístico, auténticas “feridas” incurables que orixinan unha percepción caótica e sin referencias do espacio construído.

Pódese definir o desenvolvemento urbanístico das vilas a partir de 1960 como un proceso de crise e destrución arquitectónica do espacio edificado. Ata o inicio do proceso de urbanización estas eran lugar de vivendas “nobles” construídas en cantería, con balconadas e galerías que ofrecían unha imaxe de prestixio e calidade. Estes conceptos pérdense coa brusca e moi forte multiplicación edificativa do seu espacio físico. Nas novas construcións das últimas décadas non importa tanto a imaxe de “noblez”

como nos anos anteriores, senón que o que máis se valora é acadar o máximo beneficio económico posible da actividade promotora.

Así, as novas tipoloxías constructivas caracterízanse pola súa indiferenciación e a súa impersonalidade, sendo bloques de edificios que, nun primeiro momento, presentaban uns baixos niveis de calidade nos materiais e acabados xa que, ante a forte demanda existente, topaban un rápido acomodo no mercado inmobiliario. Recentemente, e como xa se dixo, as paisaxes construídas tenden a mellorar pola introdución de novas calidades, millores materiais, dotacións e servizos, e máis coidados deseños (circunstancia debida a que cada vez existe unha maior competencia entre os constructores).

As paisaxes urbanas resultantes deste proceso transmiten unha imaxe de pobreza arquitectónica e simbólica onde os desequilibrios en altura, as carencias dotacionais, a baixa calidade dos modelos arquitectónicos e materiais, e outras deficiencias máis predominan nun número considerable das cabeceiras de comarca.

2. As vilas na organización do espazo.

Como é fácil de entender, as vilas, como calquera outro asentamento de poboación, non son unha entidade aillada no espazo. Polo contrario, manteñen múltiples vinculacións de dependencia, dominación e relación, con todo o resto de elementos do entramado territorial, sendo unha peza máis dentro da engranaxe da organización espacial da rexión.

O seu papel ten que evaluarse a dúas escalas diferentes, a rexional e a local. A nivel galego estas veñen a desempeñar un papel de engarce e conexión entre o mundo urbano, e as súas relacións de produción e reprodución, e o mundo rural coas súas. Neste senso dentro da articulación rexional estas son, como xa se ten dito, as cabeceiras ou centros funcionais dunha serie de subsistemas de asentamentos de carácter supramunicipal, comarcas, nas que se compartimentan as áreas rurais. Descendendo na escala espacial de referencia, temos que cada subsistema comarcal é a súa vez un sistema propio, cun funcionamento relativamente independente do resto de sistemas da mesma entidade. As vilas nesta situación convértese nos lugares centrais, líderes e referentes urbanos, económicos e funcionais, daquelas áreas que se manteñen dentro de cada sistema comarcal. Este plantexamento, que recolle os postulados teóricos do sistema de lugares centrais, só é válido para realizar interpretacións territoriais das zonas rurais (Hildenbrand Schiend, 1996), polo cal se defende a súa aplicación en exclusiva ó territorio interior galego.

Sobre esta dobre relación, debe debatirse o seu papel presente e futuro. Non se debe esquecer que estas forman parte da malla urbana rexional como centros terciarios dos espazos agrarios. Destes, por unha parte, reciben impulsos de desenvolvemento (medidos en fluxos de consumo e inversión), e por outra, as vilas aportan elementos de dinamización ós anteriores espazos a través da difusión de empregos non agrarios (en caso de existencia dun mercado laboral significativo). Ademais, favorecen a introdución de diversas innovacións e servizos básicos que permiten a modernización do campo.

No futuro, xa no presente, plantéxanse varios interrogantes ós que é necesario dar unha resposta para calibrar o papel que estes asentamentos desempeñan e desempeñarán na futura organización territorial da rexión. Por isto a continuación preséntase, en primeiro lugar, a situación actual dentro da estrutura espacial, para nun segundo punto expoñer as tendencias e os cambios que parecen adiviñarse nos anos que veñen.

2.1. Situación actual: sistemas comarcais de carácter funcional.

Antes da xeralización do proceso de urbanización, en Galicia falábase de comarca en base a criterios histórico-culturais, e en función de afinidades paisaxísticas e físico-ambientais. Coas transformacións que o mesmo proceso implanta nos modos de organización socioeconómica e espacial, pásase a falar destas como áreas de dependencia e/ou influencia dun núcleo urbano central. Na atracción exercida por estas vilas cabeceira pesan de maneira decisiva factores como a accesibilidade de cada núcleo, o nivel de servizos que suministra, o seu papel como centro comercial para a economía da zona, e a súa oferta de emprego industrial e de actividades de ocio (Torres Escobar, 1992). É patente que na concepción de comarca que se plantexa aparecen tres elementos fundamentais: un territorio, un efectivo poboacional e un núcleo que desempeña o papel de centro comarcal (Vilá Valentí, 1994). Resulta evidente a asociación existente entre as vilas e as comarcas, de xeito que, para o interior de Galicia, falar de subsistemas de asentamentos comarcais é sinónimo de falar de subsistemas de vilas.

Cada núcleo basea a súa entidade de centro organizador da vida comarcal nos seguintes puntos. En primeiro lugar, como se ven dicindo ó longo da exposición, a concentración de actividades terciarias (xusticia, ensino, sanidade, ocio, banca, comercio,...), favorece a xestación dunha área de gravitación directa para o consumo de ditos servizos. En segundo termo, prodúcense múltiples desplazamentos internos de poboación desde o espazo rural para acceder ó núcleo, ben para demandar as funcións que aquí se localizan, ben para traballar, si é o caso, nos empregos non agrarios que as súas empresas ofertan. E, en terceiro lugar, a vila cabeceira serve como porta de contacto da poboación de todo o ámbito de influencia co resto dos elementos do sistema urbano rexional (vías de comunicación, noticias, trámites,...).

Está é a situación actual á que se chegou tralo proceso evolutivo que experimentaron as vilas e tamén, en lóxica, os seus territorios dependentes. Por isto ten interés formular un achádego á nova situación comarcal e á formación das mesmas a partir da coincidencia de diversas áreas de influencia.

A.- As novas comarcas.

Vense incidindo nun plantexamento dúal da articulación territorial de Galicia. Fronte ás áreas litorais intensamente urbanizadas, o interior mantén unha estrutura do territorio organizada a partir das vilas cabeceiras. Entorno súa xéranse unha serie de subsistemas de asentamentos humanos que dependen funcionalmente do núcleo central, vindo este a coincidir coa área de influencia das actividades económicas de cada cabeceira. Considérase así a comarca desde un punto de vista funcional, como aquel espazo

de vida en común delimitado pola zona de influencia destes pequenos asentamentos urbanos. Nas vilas rectoras de cada unha, sitúase un escalón funcional que cubre gran parte das demandas da poboación do seu entorno que, salvo para determinadas funcións moi específicas, non necesita desplazarse ás cidades maiores do sistema urbano.

O actual modelo de organización en comarcas funcionais ten unha orixe no tempo coetánea á difusión das transformacións introducidas polo proceso de urbanización. Aquelas defínense de modo tradicional como o espazo concreto poboado e explotado por un grupo humano repartido en múltiples asentamentos, e rexido e organizado por un núcleo cabeceira que serve a toda a comarca por medio das súas actividades terciarias (Casas Torres, 1973). Sobre isto late unha premisa básica que afecta directamente ás vilas interiores: a importancia que estas xogan como centros abastecedores de bens e servicios á poboación do seu entorno, ou área de influencia funcional.

O sentido de comarca, como área de influencia dun núcleo, desenvólvese, en primeiro lugar, en base á potenciación comercial das vilas nas pasadas décadas, e, en segundo, gracias ás políticas de descentralización de servicios públicos que tenderon a localizar determinados equipamentos (sanitarios, educativos, asistenciais,...) nas vilas máis importantes para, desde aí, atender con ese servicio concreto a unha porción do territorio. Tal circunstancia propiciada polo proceso de urbanización, orixina que a concepción de comarca natural plantexada por Dantín Cereceda desde principios de século (espacio homoxéneo desde o punto de vista dos compoñentes visibles da paisaxe), perda vixencia en favor das comarcas funcionais, medidas a partir das áreas de influencia dos núcleos urbanos, que poden, ou non, coincidir cos límites dunha comarca natural (Bielza de Ory, 1993).

O incremento da mobilidade individual da poboación campesiña é fundamental. Nesta conxúganse varios factores que favorecen a consolidación das vilas como centros terciarios dos espazos rurais:

- a.- Millora infraestructural das vías de comunicación, tanto da rede principal como da rede secundaria que comunica ás aldeas e lugares rurais coas vilas
- b.- Monetarización da economía campesiña e incremento da capacidade de consumo das familias que permite o acceso a medios de transporte individuais (automóvil)
- c.- Situación central da vila respecto á rede de comunicacións interna (xeralmente en cruces de vías locais) que favorece a súa accesibilidade
- d.- Aparición de novas necesidades de desplazamentos vencelladas á modernización da actividade agropecuaria e ó acceso ós novos servicios localizados nas cabeceiras de comarca.

B.- Diversidade das áreas de influencia.

Como queira que o espazo rural de Galicia organízase a partir de diversas comarcas funcionais, e como queira tamén que estas correspondense cos espazos de gravitación sobre as vilas, faise de vital importancia coñecer cales van ser as áreas de influencia que diseñan as actividades económicas de cada unha.

O establecemento das áreas de dependencia funcional dunha vila ou cidade non é tarefa doada. Desde a Xeografía téñense elaborado métodos e técnicas de análise que permiten trazar as liñas básicas dos fluxos económicos e humanos sobre o territorio (fundamentalmente a partir de enquéritos e outros indicadores mercadolóxicos). Trala experiencia adquirida nas numerosas investigacións realizadas, chégase á conclusión de que non existe unha única esfera de influencia para un ou outro asentamento urbano, (tópanse tantas esferas como funcións se localizan en cada núcleo) e que tampouco se poden fixar uns límites claros, continuos e perfectamente definidos. Neste senso é relevante diferenciar entre as coroas de atracción definidas polo comercio-servicios privados e as marcadas polas funcións públicas, cunha circunstancia que as diferencia con claridade: nas primeiras o consumidor-cliente ten a máxima liberdade de elección para dirixirse a calquera centro ofertante, mentras nos segundos condiciónanse os desplazamentos de modo ríxido co establecemento de distintas áreas de cobertura de cada servizo prestado pola Administración.

A análise das áreas de influencia marcadas polas actividades comerciais e de servizos privados son as que mellor definen as áreas funcionalmente dependentes dunha vila. Correspóndese co groso das liñas de desexo que os consumidores mostran respecto ó acceso ós produtos. Nos comportamentos comerciais os habitantes do rural poñen de manifesto a lóxica do funcionamento interno dos subsistemas de asentamentos. Móstrase unha organización escalonada da oferta e os desplazamentos dos posibles demandantes. Atendendo ás leis derivadas do umbral de demanda e do alcance dos bens e servizos márcase unha gradación que parte da propia parroquia onde, si existe unha “taberna”, o campesiño pódese aprovisionar de aqueles obxectos de consumo máis frecuente e corrente polos que non está disposto a facer ningún esforzo para conseguilos (tabaco, alimentación básica,...). Nun segundo momento o individuo debe dirixirse ás respectivas capitais municipais nas que se consolida unha base terciaria capaz de cubrir demandas un pouco máis complexas que as anteriores (calzado, ferretería,...). Aquí aínda se aprecian numerosas deficiencias e lagoas na oferta, que se subsanan accedendo á vila cabeceira onde a dotación comercial e de servizos existente é a máis especializada e diversa da comarca (sendo capaz de atraer á meirande parte dos residentes da mesma). Por último, e no caso de que a oferta local non sexa capaz de cubrir as expectativas do potencial consumidor, ráchase o ámbito da bisbarra, saltándose dun subsistema de organización comarcal a outro subrexional onde a vila cabeceira pasa a ser un elemento de segundo nivel fronte ó maior rango da cidade correspondente.

As áreas de influencia das unidades do terciario público, a diferenza das anteriores, son máis ríxidas e nítidas. Cando un departamento da Administración decide descentralizar algún dos seus servizos mediante a implantación nos núcleos máis importantes do medio rural duns determinados equipamentos e oficinas, o que está a facer é parcelar o territorio nunha serie de áreas onde os seus habitantes para utilizar estes servizos deben desplazarse de xeito obrigatorio ós núcleos no que se localizan (salvo casos particulares). Polo que mellor que falar de áreas de influencia dos servizos públicos dunha vila, sería máis correcto falar de área de cobertura dos mesmos, ó verse o consumidor/demandante practicamente obrigado a dirixirse a un ou a outro asentamento urbano.

Esta estrutura débese fundamentalmente a dúas circunstancias:

- a.- Nas políticas de descentralización a Administración toma como escala de referencia o municipio, agrupando neste proceso a varias entidades locais que van pasar a depender, para a utilización dese determinado servizo, do centro no que se decide ubicar o equipamento.
- b.- Na procura dunha maior eficacia téndese a unha organización espacial xerárquica. Márcase unha estrutura territorial formada por diversas zonas de cobertura de diferente escala que se van engarzando de xeito escalonado, e nas que as áreas dun rango engloban a varias de rango inferior e así sucesivamente.

Cada política sectorial, como se tivo ocasión de ver con anterioridade, planifica a súa implantación territorial conforme os seus obxetivos, prioridades e necesidades. As comarcas do Ministerio de Agricultura son diferentes no seu ámbito espacial, ás da Consellería autonómica do mesmo sector, as comarcas do INEM son diferentes ás xudiciais, e así sucesivamente dando como resultado numerosas compartimentacións administrativas do territorio. Estas superpóñense, sendo frecuente que un municipio rural bascule indistintamente sobre varias cabeceiras en función da heteroxeneidade existente na localización das unidades de descentralización. Isto supón que cada cabeceira teña tantas áreas de cobertura como servizos públicos instalados, sendo difícil topar un espazo supramunicipal que posúa unha total homoxeneidade respecto ós concellos que conforman as súas respectivas zonas de dependencia, aínda que de modo espontáneo e descoordinado por parte das diversas administracións téndese a unha coincidencia que vincula o tamaño e importancia de cada cabeceira coa dotación que posúe.

Como consecuencia da heteroxeneidade no concerninte ás dotacións terciarias, así se pode individualizar diferentes capacidades por parte de cada vila para atraer, e centralizar hacia si, os fluxos socioeconómicos locais. Aparte da propia oferta comercial e de servizos de cada unha en concreto, é factor moi importante a relación de proximidade, ou lonxanía, respecto a outros centros ofertantes, e tamén, as características territoriais do entorno que centralizan. Así, nas proximidades das cidades principais do sistema rexional, a forza de atracción das cabeceiras diminúe en favor das primeiras (pola súa maior oferta). Redúcese, así mesmo, a súa centralidade cando dentro do propio espazo comarcal ten a competencia dalgún outro pequeno núcleo que lle resta relevancia. Tamén nos espazos de baixo grao de desenvolvemento, especialmente nas áreas de montaña, a crise demográfica impide a existencia dun umbral suficiente de potenciais consumidores, afectando isto á consolidación terciaria das vilas centrais.

En función da diversidade existente nos tipos de vilas e dos anteriores aspectos non é de extrañar que se produza, dentro do anterior marco xeral, a aparición de diferentes modelos de subsistemas de articulación comarcal. Retomando a teoría dos sistemas espaciais, estes son a combinación dunha serie de elementos que forman un todo integrado que interactúa entre si (Precado Ledo, 1987). Esta categoría está constituída polos seguintes elementos: a vila cabeceira, o resto de asentamentos humanos dependentes (capitais municipais e entidades rurais), o espazo agrícola e forestal, as actividades económicas (industria), e as vías de comunicación. Neste senso diferénciase a seguinte tipoloxía para as áreas interiores de Galicia:

I.- SUBSISTEMA POLICÉNTRICO. Identifícanse cando nun mesmo espazo comarcal hai varias vilas que comparten a súa área de influencia terciaria. Nos territo-

rios interiores, a diferenza dos litorais, non se producen procesos de complementariedade funcional ó ser o nivel de urbanización máis baixo. Este modelo só aparece na Comarca de Valdeorras coas vilas de A Rúa e O Barco debido a que esta é unha bisbarra cunha base productiva diversificada onde a agricultura desempeña un papel secundario en relación a outros sectores.

II.- SUBSISTEMA DÉBILMENTE POLARIZADO. Considérase así cando o núcleo cabeceira non ten a entidade suficiente (ó ter unha oferta terciaria deficiente e/ou estar próximo a cidades principais do sistema rexional) como para satisfacer tódalas demandas de bens e servizos de uso intermedio provintes da súa área dependente e, moito menos, para as de uso esporádico no tempo. Son subsistemas centralizados por vilas de pequeno tamaño demográfico e débil actividade económica que polo xeral rixen territorios en proceso de despoboación ou nunha situación económica relativamente deprimida. Introdúcense neste grupo á totalidade das vilas cabeceiras dos entornos montañosos e aquelas outras que tenden a bascular sobre núcleos urbanos de maior forza de atracción (Mondoñedo, Monterroso, A Cañiza, Allariz, Maceda e Negreira).

III.- SUBSISTEMA MONOCÉNTRICO POLARIZADO. Identifícanse cando nunha comarca existe un centro terciario capaz de satisfacer funcionalmente á meirande parte das demandas de bens e servizos provintes do seu ámbito de influencia (excepto aqueles de elevada cualificación). Son vilas cunha dotación terciaria superior ás anteriores nas que, ben se ten desenvolvido nos últimos anos un proceso de industrialización que reforza a súa centralidade, ben son centros de espazos cunhas estruturas productivas agrarias modernizadas e especializadas orientadas ó sector agroindustrial. Pertencen a este grupo tódalas vilas de economía diversificada e algunhas dos espazos agrarios (Arzúa, Melide, Santa Comba, Vilalba, Chantada, Ribadavia, Celanova e Xinzo).

2.2. Tendencias e futuro das vilas e o espazo rural.

Desde calquera perspectiva das ciencias sociais ó futuro que a medio ou longo prazo se lle augura ós espazos rurais é, cando menos, ambiguo. Coas mesmas variables e informacións chégase tanto a posicións optimistas que auguran un porvir esperanzador, como a outras que dibuxan unha perspectiva de crise, abandono e desaparición paulatina do que hoxe entendemos como espazos e sociedades rurais. Quizais ambos plantexamentos, excluintes entre si, sexan desproporcionados. Si ben e certo que non é nada difícil toparnos índices de lectura inequívocamente pesimista, tamén o é que nos imos topar con outras situacións que parecen abrir un novo tempo para os territorios agrarios. O medio rural, como as vilas, están evolucionando e transformándose día a día. O que hoxe é novidade, estímulo de desenvolvemento ou seña de identidade, é posible que mañá deixe de selo. Seguramente, e si ollamos cara as nosas parroquias, veremos cambios constantes que nos falan dunha modificación do que de xeito tradicional se entende ou interpreta como rural. Isto non debe interpretarse, necesariamente, e como moitas veces se ten dito, como un síntoma de desaparición da sociedade campesiña, senón como unha evolución, como unha adaptación, ás novas circunstancias.

Neste panorama as vilas, núcleos vencellados directamente ás dinámicas rurais, tópanse tamén nunha indecisión. Si o pasar dos tempos acentúa a crise rural, estas poboacións, que son, por así dicilo, as súas representantes, casi é seguro que se estancarán, perderán funcións e o crecemento destas décadas quedarase nunha anécdota dentro dunha historia caracterizada polo continuismo. Si pola contra non se produce esta crise, e si as vilas son capaces de poñer en marcha mecanismos propios de desenvolvemento e xeración de emprego e riqueza a través do encauzamento dos recursos existentes no seu entorno (léase industrialización endóxena), a dinámica alcista e os ritmos crecentes manteranse nos próximos anos. O que sí parece evidente é que ambos elementos, rural e vilas, están en Galicia intimamente unidos, formando parte do mesmo sistema mantendo unha moi forte interdependencia.

Tampouco ninguén pon en dúbida que duns anos para aquí é cada vez máis difícil establecer uns límites ou unhas definicións claras do que é a sociedade rural, e cales son os elementos que a separan do medio urbano (Lois González, 1996). Advírtese que as transformacións recentes levan a un cambio de funcionalidade do espazo rural. Pasa este de soporte das actividades productivas tradicionais (producción de alimentos e materias primas), o que se chama, no campo da socioloxía, un espazo de produción social, a outro de reprodución onde estes territorios convértense en receptores de novas actividades e usos provintes e impulsados desde o medio urbano: segundas residencias, actividades de ocio e tempo libre, localizacións de equipamentos non desexados e molestos,... (Barrio Aliste, 1996). Pero, por outra parte, esta tendencia non é uniforme ou extrapolable a tódalas áreas campesiñas. A pegada urbana sí se aprecia nas proximidades das aglomeracións máis destacadas, ou en espazos concretos de caracteres singulares (áreas de montaña de riqueza paisaxística), pero noutras zoas esta impronta non se topa. E noutras apóstase decididamente pola actividade agropecuaria con bos resultados. Por isto non parece o máis axeitado interpretar do mesmo xeito os espazos rurais de, por exemplo, un concello como A Lama onde os seus habitantes traballan en gran parte en Vigo ou Pontevedra e donde dentro do seu termo municipal vaise localizar a cadea

provincial, doutro como Mesia, que defende unha especialización productiva láctea, doutros como Pobo de Trives que apostan pola atracción turística. É necesario, polo tanto, unha redefinición do que se entende por rural a nivel global, pois se nunha comunidade pequena como é Galicia, se poden identificar tantas matizacións, esta situación probablemente se repita a maiores escalas.

Dentre os aspectos que fan saltar as señais de alarma sobre o futuro destas comunidades o máis manexado é o da despoboación. En toda Europa o campo está a perder poboación. Galicia, que mantén unha das taxas máis elevadas en canto a residentes rurais e activos agrarios, está inserta nesta dinámica xeral. Un número significativo de concellos do interior perden poboación ano a ano como consecuencia dun avelentamento brutal derivado da emigración dos anos 1960 (con porcentaxes nalgúns casos onde os maiores de 65 anos supoñen máis dun tercio da total), e unha redución acusadísima da natalidade. A nosa comunidade presenta a taxa máis baixa do conxunto da U.E., e dentro da mesma topámonos con municipios cunha dinámica natural completamente regresiva e que, a medio prazo, difícilmente se modificará. Pois, para que fora posible unha modificación sería necesario que se producieran unha serie de cambios que, en vistas da situación actual e das perspectivas próximas, difícilmente se darán. Non é probable que os espazos rurais, en sentido global, atraian poboación procedente das áreas urbanas. É, pola contra, moi presumible que os xóvenes deixen as súas parroquias se poden acceder a un traballo nunha vila ou cidade. E, tamén, que os que continúan residindo e traballando no campo manteñan uns comportamentos natalistas reducidos, similares ós das familias urbanas, polo que, en conxunto esta tendencia despoboadora posiblemente se acentuará nos próximos anos.

No transfondo desta situación tópase un problema de viabilidade económica. Existe unha percepción xeral de que a agricultura e a gandería galega tópanse nun calexón de difícil saída, e de que faltan oportunidades noutros sectores de actividade. A realidade da cuota láctea, a ameaza futura para as zonas vinícolas dunha normativa comunitaria para arrancar vides, e a mala xestión que se está facendo da riqueza forestal, dibuxan un porvir, cando menos, desesperanzador. Ademais entre os propios labregos mantense unha idea colectiva de que calqueira, ou case tódolos, traballos na industria ou nos servizos son máis levadeiros e os rendementos similares. Todo isto, pola súa parte, está acompañado dunha situación financeira na cal para facer rendible (cunha modernización continuada) unha explotación media ou media grande é necesario realizar fortes investimentos, que en ocasións levan a unha situación de endebedamento do labrego, pois os actuais márxenes de beneficio son moi axustados e os rendementos, mirando ó investimento, quédanse moi reducidos.

A esta problemática socioeconómica únenselle outras circunstancias que en Galicia parecen agravar a crise rural. Unha afecta á conservación do seu patrimonio natural, cultural e mesmo edificativo. O mantemento de bosques, especies arbustivas e, en xeral, da paisaxe diminúe conforme avanza o proceso despoboador, ocupando os campos abandonados progresivamente unha maior superficie co conseguinte aumento do risco medioambiental. Tamén os modelos tradicionais do hábitat e da arquitectura popular perden protagonismo fronte á pegada de novos valores, ou necesidades, edificativas. E as señas de identidade cultural das sociedades campesiñas vense substituídas por novos valores e referentes culturais de corte urbano e despersonalizado. Outro posible estrangulamento futuro, aínda que neste caso pode vir derivado dun factor tan positivo

como é a millora da rede viaria, é o incremento da mobilidade individual. Isto pode supor un risco para a base comercial das vilas por unha orientación da poboación agraria hacia as grandes superficies e a oferta terciaria máis rica existente nas cidades principais (cada vez redúcese a súa distancia en tempo). Ademais se as tendencias políticas neoliberais confirman o desmantelamento do Estado do Benestar e a menor presenza dos poderes públicos (coa conseguinte redución da chegada de recursos e a finalización de medidas discriminatorias positivas), e se algunhas das alternativas presentadas non modifican as súas características actuais, especialmente o Turismo Rural, as señais de alarma incrementaranse nos próximos anos.

Pero en todo o anterior é posible topar, tamén, factores altamente positivos. Hai menos labregos e gandeiros, pero estes incrementan os tamaños das súas explotacións e son máis profesionais. Hai unha desvalorización dos valores tradicionais, pero isto permite ás sociedades campesiñas rachar co seu tradicional aillamento e recibir máis informacións. A mellora das conexións espaciais pode diminuír o pulo comercial das vilas, pero favorece que os seus residentes poidan pasar a traballar nas cidades sen necesidade de abandonar o seu lugar de orixe e que se beneficien as empresas aquí localizadas. E así poderíanse formular razonamentos que levan, en contra do anterior, ó optimismo.

Por outra parte, o que parece claro é que o devir do medio rural e o das súas vilas cabeceiras vai intimamente ligado (como debe corresponder a un sistema de asentamentos que funciona de xeito integrado). Esta apreciación é xa doutrina oficial, e así a propia Comisión Europea a través do seu documento “*Europa 2.000*” realiza unha previsión sobre o hipotético futuro das zonas rurais. Nel destacan dous puntos básicos que din de xeito literal:

- a.- Os problemas das zonas rurales estarán en gran medida fora da agricultura, pois cada vez existe menos emprego agrario.
- b.- As pequenas cidades destas zonas, adecuadamente dotadas de telecomunicacións e transportes desempeñarán un papel clave ó constituir un emprazamento potencialmente atractivo para pequenas e mediadas empresas e ofrecer novas oportunidades ós traballadores que só se dedicarán a tempo parcial á agricultura.

Esta vontade da U.E. vai acompañada de plans e programas de incidencia territorial para revalorizar o potencial endógeno das zonas rurais a través da actuacións integrada dos axentes públicos e privados (Iniciativas Comunitarias Leader, Proder,...).

Non obstante isto non é un gran avance na tarefa de presentar alternativas para un rural ameazado. Nos anos 1970 a Asociación de Ruralistas Franceses elaborou un documento baixo a dirección de B. Kayser no cal se plantexan propostas e posibles alternativas moi similares. Este grupo de investigadores propoñía a elaboración de plans de xestión territorial para os espazos rurais a partir dos conceptos aquí manexados de vilas e comarcas. Neles marcábase un espazo dependente dunha vila central de, ó menos, 10.000 habitantes. Tal ordenación microrexional permitiría a desaparición da oposición esteril entre o urbano e o rural, favorecendo, según os anteriores profesionais, un mellor reparto da poboación, as actividades e os usos do territorio. As vilas dentro destas políticas de organización desempeñarían un papel de polos de desenvolvemento, representando o nivel urbano básico que permite difundir no rural funcións urbanas como o comercio, servizos financeiros, da Administración pública, de produción,...

Como se ve, os enfoques e actuacións que se propoñen para os espazos rurais mantéñense, pese o paso do tempo, moi similares. Tampouco se aprecian grandes innovacións nas políticas actuais dentro das diferentes rexións e países da U.E. En Alemaña, por exemplo, dentro dos Plans de Ordenación Territorial dos Länder dibúxase un sistema urbano no que para as áreas rurais potencianse os lugares centrais inferiores e intermedios para atender á demanda básica económica, social e cultural da poboación do ámbito funcional cercano. Neles localízanse diversos servizos públicos e pequenas empresas, sendo núcleos oscilante entre o 700 habitantes e os 8.000 (en razón das densidades de poboación e dos asentamentos que existen en cada espazo rexional). En Francia, tamén, neste tipo de políticas de intervención as vilas e pequenas cidades adquiren un papel destacado xa que permiten a presenza dun tecido económico diversificado, de servizos, comercios e equipamentos dentro dun ambiente que conserva o seu carácter rural, constituíndose en puntos de apoio básicos para o desenvolvemento equilibrado do rural (Hildenbrand Scheid, 1996). En Galicia esta vontade administrativa encaúzase a través do Plano de Desenvolvemento Comarcal, iniciado no 1991, que pregoniza unha ordenación integrada dos territorios rurais a partir dun ámbito de referencia comarcal. Aquí ás vilas asígnaselle un papel de centros de desenvolvemento comarcal, reforzándose o seu papel de tradicionais cabeceiras de comarca. Servindo, como nos casos anteriores, como referentes urbanos para a descentralización de servizos públicos, equipamentos,... (Precedo Ledo, 1994).

Vese así como desde os axentes públicos máis significativos existe unha decisión, ó menos parcial, de defender o espazo rural dun futuro de crise que, ó parecer, se lle avecina, a partir da potenciación das vilas e pequenas cidades como illas de resistencia e puntos de engarce rural-urbano. Nesto non se fai máis que sistematizar o proceso desenvolvido nas últimas décadas no que, como se ve para o caso galego, as áreas puramente rurais perden protagonismo no económico, demográfico e social, en favor dos seus centros terciarios que en parello o incrementan. Para asegurar esta secuencia de crecemento é necesario manter os niveis de descentralización administrativa e de infraestruturas, mesmo incrementalos, e que a actividade productiva agropecuaria se manteña na súa área de dependencia (circunstancia vital para conservar o potencial da súa área de mercado), e se estimulen as actividades de tipo industrial (cunha constante adaptación ós cambios diseados pola conxuntura socioeconómica). Deste modo a potenciación das pequenas cidades, xunto ós novos usos motivados pola intensidade do proceso de urbanización, enténdense como elementos básicos que facilitarán no futuro o desenvolvemento das áreas rurais.

Consecuencia desta constante secuencia de reorganización espacial é a posible individualización que se pode facer do territorio galego entre aqueles espazos plenamente urbanos (as cidades principais e os seus ámbitos periurbanos máis próximos), aqueles outros máis rururbanos (que forman unha corona respecto ós anteriores ou se localizan en zonas de usos productivos diversificados), e os rurais. Matizando nestes últimos entre un “*agrouurbanizado*” (mantemento da actividade agropecuaria, existencia dunha pequena cidade con servizos e equipamentos públicos, relacións coas áreas urbanas,...) e un “*rural profundo*” en forte crise demográfica e productiva, cun papel fundamental dentro da actual organización territorial da comunidade, como reserva natural e de celebración de actividades de tempo libre (fundamentalmente áreas de montaña).

BIBLIOGRAFÍA:

- Armas Dieguez, P. (1990): *La organización del espacio lucense*. Deputación Provincial de Lugo. Lugo.
- Barrio Aliste, J.M. (1996): *Espacio y estructura social*. Ed. Amarú. Salamanca
- Beiras Torrado, X.M. (1972): *O atraso económico de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo.
- Bielza de Orly, V. (1993): *Reflexión sobre la comarcalización en España*. En Vázquez Barquero, A. e Precedo Ledo, A. (coord): *Desarrollo local y comarcalización*. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Santiago.
- Berry, B.J.L. (1971): *Geografía de los centros de mercado y distribución al por menor*. Ed. Vicens-Vives. Barcelona.
- Bertrand, J.R. (1992): *A poboación de Galicia*. *Estudios Xeográficos*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. Santiago.
- Campesino Fernández, J.A. (1989): *Estructura y paisaje urbana de Cáceres*. Colegio Oficial de Arquitectos. Madrid.
- Carter, H. (1987): *El estudio de la Geografía Urbana*. I.E.A.L. Madrid.
- Casas Torres, J.M. (1973): *La selección de núcleos de población cabezas de comarca para el bienio 1972-73*. Revista Geographica, nº 2. Zaragoza.
- Cores Trasmonde, B. (1995): *Galicia e a división do territorio*. Revista de Estudios Provinciales, nº11. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- Charrié, J.P.; Genty, M. e Laborde, P. (1992) : *Les petites villes en Aquitaine*. Editions de la Maison des Sciences de l'homme d'Aquitaine. Bordeaux
- Chorley, R.J. (1987): *Regionalización y desarrollo*. I.E.A.L. Madrid.
- Delgado Viñas, C. (1995): *Las pequeñas y medianas capitales de provincia en el proceso de modernización del sistema urbano español*. Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Las Palmas.
- Díaz Díaz, C. (1979): *Agricultura e capitalismo en Galicia. O proceso de modernización da agricultura galega*. En Revista Galega de Estudios Agrarios, vol 1. Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia. Santiago.
- Fernández de Rota y Monter, J.A. dir (1992): *Espacio y vida en la ciudad gallega*. Universidade de A Coruña. A Coruña.
- Ferrer Regales, M.(1992): *Los sistemas urbanos*. Ed. Síntesis. Madrid.
- García Fernández, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Ed. Siglo XXI. Madrid.
- González Laxe, F. dir (1992): *Estructura económica de Galicia*. Ed. Espasa Calpe. Madrid.
- González Mariñas, P. (1994): *Territorio e identidade: Galicia como espazo administrativo*. E.G.A.P. Santiago.

- Gutierrez Puebla, J. (1987): *La ciudad y la organización regional*. Ed. Cincel. Madrid.
- Hernández Borge, J. (1990): *Tres millóns de galegos*. Universidade de Santiago. Santiago.
- Houssel, J.P. (1994): *Le milieu rural face a la mutation contemporaine*. Laboratorio de Geografía. Rouen.
- Hildenbrand Scheid, A. (1996): *Política de ordenación del territorio en Europa*. Consejería de Obras Públicas de la Junta de Andalucía y Universidad de Sevilla. Sevilla.
- Iturra, R. (1988): *Antropología económica de la Galicia Rural*. Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Kayser, B. dir. (1979): *Petites villes et Pays dans l'aménagement rural*. Editions du C.N.R.S. Paris.
- Laborie, J.P. (1990): *L'Avenir des petites villes*. Université du Toulouse. C.I.E.U. Toulouse.
- Lois González, R.C. (1991): *Aproximación a una Geografía de la Juventud: estudio socioespacial de los centros de enseñanzas medias y universitarias en Galicia entre 1960 y la actualidad*. Tesis Doctoral. Universidad de Santiago.
- Lois González, R.C. e Rodríguez González, R. (1994): *O retroceso da poboación campesiña e a crise da vida parroquial en Galicia*. Revista de Investigación Pontenova, nº 0. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- Lois González R.C. e Rodríguez González, R. (1996): *Les villes moyennes de la Galice interieure*. Rev Norois, nº 171. Poitiers
- Lois González, R.C. (1996): *As novas formas de urbanización*. En Actas á III e IV Semana Galega de Historia. A.G.H. Santiago.
- López Taboada, J.A. (1996): *La población de Galicia. 1860-1991*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña.
- Lugan J-C (1983): *La petite ville au présent et au futur*. Editions du C.N.R.S. Paris.
- Martínez Iturrundi, J.C. (1994): *A xuventude entre o rural e o urbano*. En Conclusións ó Congreso da Xuventude Galega. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Santiago.
- Méndez Gutierrez del Valle, R. e Caravaca Barroso, I. (1996): *Organización industrial y territorio*. Ed. Síntesis. Madrid
- Moreno Jiménez, A. e Escolano Utrilla, S. (1992): *Los servicios y el territorio*. Ed. Síntesis. Madrid.
- Moseley, M.J. (1977): *Centros de crecimiento en la planificación espacial*. I.E.A.L. Madrid.
- Murcia Navarro, E. (1981): *Las villas costeras en el sistema urbano asturiano*. Ed. Silverio Cañada. Madrid.
- Murcia Navarro, E. (1983): *Los centros comarcales*. En Geografía de Asturias, vol III. Ed Ayalga. Oviedo

- Precedo Ledo, A (1987): *La red urbana*. Ed, Síntesis, Madrid
- Precedo Ledo, A. (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. C.O.T.O.P da Xunta de Galicia. Santiago
- Precedo Ledo, A (1994): *Desenvolvemento Territorial e Planificación Comarcal*. Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia. Santiago.
- Quintos Romero, J. (1994): *Política Industrial en España*. Ed. Pirámide. Madrid.
- Ramón Fernández, T. (1988): *Manual de Derecho Urbanístico*. Ed. Abella. Madrid.
- Rodríguez Sáiz, L, e outros (1986): *Política Económica Regional*. Ed. Alianza Universidad. Madrid
- Rodríguez González, R. (1994): *El desarrollo de las villas y pequeñas ciudades en los espacios periféricos agrarios. El caso gallego*. Revista Geographica, nº 31. Universidad de Zaragoza. Zaragoza.
- Rodríguez González, R. (1995): *Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento*. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra
- Rodríguez González, R (1997): *La urbanización del espacio rural en Galicia*. Ed. Oikos-Tau. Barcelona
- Sequeiros Tizón, J.G. (1986): *El desarrollo económico de Galicia*. Universidade de Santiago. Santiago.
- Sixirei Paredes, C. (1988): *A emigración*. Ed. Galaxia. Vigo.
- Souto González, X.M. (1988): *Xeografía Humana*. Ed. Galaxia. Vigo.
- Terán Troyano, F. (1978): *Planeamiento urbano español*. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.
- Torres Escobar, F.A. (1992): *Jerarquía y área de influencia de los lugares centrales de Extremadura*. Universidad Complutense de Madrid.
- Torres Luna, M^a. P. de; Pazo Labrador, A.J. e Santos Solla, X.M (1991): *Galicia, rexión de contrastes xeográficos*. Universidade de Santiago. Santiago.
- Vilá Valentí, J.(1993): *El papel de los geógrafos en la comarcalización*. Ponencia ó XIII Congreso Nacional de Geografía. Sevilla.
- Vinuesa Angulo, J. e Vidal Domínguez, M^a.J. (1991): *Los procesos de urbanización*. Ed. Síntesis. Madrid.
- Zárte Martín, A. (1991): *El espacio interior de la ciudad*. Ed. Síntesis. Madrid.

NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s e institución/s ás que pertencen o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado dobre con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word ou WordPerfect para Windows 6.0 ou versión posterior, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.

